

2005

Memoria da EGAP



ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E  
XUSTIZA

© MEMORIA DA EGAP DO ANO 2005

Edita: Escola Galega de Administración Pública  
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Maquetación: Estudio Adumbro

Santiago de Compostela, 2006



2005

Memoria da EGAP



*ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA*



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E  
XUSTIZA

# Índice Xeral

01

6 PRESENTACIÓN

02

9 A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

03

20 ACTIVIDADES DA XEFATURA DE ESTUDOS

21 03.1. Conferencias.

22 03.2. Xornadas, seminarios, etc.

43 03.3. Cursos.

04

46 ACTIVIDADES DO SERVIZO DE FORMACIÓN DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

47 04.1. Cursos.

05

179 ACTIVIDADES DO SERVIZO DE FORMACIÓN DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL E DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

180 05.1. Área local.

180 05.1.1. Plan EGAP-CELGA

180 1.1.1. Cursos.

187 1.1.2. Xornadas.

188 05.1.2. Plans en colaboración con outras institucións.

188 1.2.1. Cursos.

232 1.2.2. Xornadas.

239 05.1.3. Outras actividades.



06

241 ACTIVIDADES DO SERVIZO DE ESTUDOS, INVESTIGACIÓN E PUBLICACIÓNS

242 06.1. Cursos.

253 06.2. Seminarios, xornadas, conferencias, etc.

254 06.3. Investigación.

260 06.4. Publicacións periódicas.

264 06.5. Publicacións non periódicas.

265 06.6. Biblioteca.

07

269 PROFESORES COLABORADORES

08

317 RESUMO ESTATÍSTICO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NA EGAP POR OUTRAS INSTITUCIÓNS

09

384 RESUMO ESTATÍSTICO DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DA EGAP

385 09. 1. Actividades organizadas pola Xefatura de Estudos.

391 09. 2. Actividades organizadas polo Servizo de Formación do Persoal da Administración Autonómica.


418 09. 3. Actividades organizadas polo Servizo de Formación do Persoal da Administración Local.

428 09. 4. Actividades organizadas polo Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.

435 09. 5. Resumo global.

# 01

## Presentación





# 01. PRESENTACIÓN

A presente Memoria recolle as principais actividades da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) durante o ano 2005, dirixidas á formación profesional dos empregados públicos da nosa Comunidade Autónoma, fundamentalmente da Administración autonómica e da Administración local.

Dentro do sector de formación do persoal da Administración Autonómica, mantivéronse os programas de formación de directivos, xefes de sección e de negociado, así como os cursos característicos das áreas xurídica, económica, informática, etc.

No que se refire á lingua galega, ou máis propiamente á linguaxe administrativa galega, continuouse co programa de formación en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, coa que se realizaron dezaioito edicións do curso Medio de linguaxe administrativa galega. A Escola realizou vinteseis edicións do novo curso de Actualización da lingua e da linguaxe administrativas galegas.

No sector da Administración Local desenvolveuse un programa formativo a través do CELGA. As actividades formativas máis salientables están centradas na área de contabilidade para estudar as novidades normativas máis importantes introducidas polas novas instrucións de contabilidade no ámbito local.

A EGAP desenvolveu o módulo de dereito autonómico no curso Selectivo para o acceso á subescala de intervención-tesourería (categoría de entrada), o módulo de dereito autonómico do curso Selectivo de secretaría categoría de entrada e o curso Selectivo para o acceso á subescala de secretaría-intervención.

Da ampla e interesante oferta de actividades (xornadas, seminarios, conferencias, etc.), abertas ao persoal de todas as administracións públicas galegas e interesados en xeral, cómpre subliñar as seguintes actividades:

- a) Curso Superior de planeamento e xestión urbanística que tivo unha gran demanda.
- b) Na liña seguida nos últimos anos levouse a cabo un gran esforzo por descentralizar as xornadas, entre as que cómpre salientar as seguintes:
  - O silencio administrativo e a notificación dos actos administrativos.
  - A contratación e fiscalidade das sociedades de xestión urbanística.
  - A contratación pública europea: as novas directivas.
  - A nova instrución de contabilidade.
  - A situación social de España.
  - Etc.

Este resumo inclúe tanto as actividades financiadas con fondos propios da Xunta de Galicia coma as financiadas con fondos estatais para a formación continua. Entre os obxectivos xerais deste Plan, cómpre destacar a extensión da formación a todos os ámbitos da Administración autonómica, con especial atención do persoal laboral.


A estrutura desta Memoria permite obter a información do realizado polas seguintes unidades administrativas da EGAP: Xefatura de Estudos, Servizo de Formación do Persoal da Administración Autonómica, Servizo de Formación do Persoal da Administración Local e doutras Administracións e o Servizo de Estudos, Investigación e publicacións.

Logo da descrición das accións formativas, recóllense nun resumo estatístico as cifras de actividades, horas lectivas e asistentes.

Santiago de Compostela, xaneiro de 2006

Antonio Izquierdo Escribano  
Director da EGAP

# 02 A Escola Galega de Administración Pública





# 02. 01. **INTRODUCCIÓN**

A Escola Galega de Administración Pública

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) é esencialmente un centro público de formación do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia e de estudo e divulgación de temas relacionados coa Administración e coa función pública.

Hoxe ten a consideración xurídica de organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia. Anteriormente fora configurada como órgano administrativo sen personalidade xurídica, segundo o Decreto 163/1982, do 1 de decembro.





## . 02. FINS

Na configuración actual, pola Lei 10/1989, do 10 de xullo (de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública) a EGAP ten os seguintes fins:

- a) Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ao servizo da Administración desta Comunidade autónoma, convocadas de conformidade co disposto na Lei de función pública de Galicia, e doutras administracións públicas que logo do convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- b) Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, subseguintes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- c) Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado a).
- d) Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- e) Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con habilitación de carácter nacional, nos termos previstos no artigo 98.1 da Lei 7/1995, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- f) Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia sen habilitación de carácter nacional, de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.
- g) A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, co fin de promover a súa máxima difusión.
- h) O establecemento de convenios e a realización de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas no ámbito estatal e internacional.
- i) A difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e maila participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.
- l) Calquera outro que se lle asigne por lei.

Para o cumprimento destes fins, a EGAP poderá concertar con centros universitarios de Galicia e con outros centros ou entidades de titularidade pública ou privada a realización das actividades pertinentes.

### . **03. ORGANIZACIÓN:** Especial referencia ao Consello Reitor

Os órganos superiores de goberno e administración da EGAP son:

- O Consello Reitor.
- O Director.

#### . **03.1. O Consello Reitor ten atribuídas as seguintes facultades:**

- a) Aprobar o Anteproxecto do orzamento anual da Escola e as súas contas.
- b) Aprobar o Plan anual de actividades, o Plan de estudos e a memoria da Escola.
- c) Darlle a conformidade aos proxectos de convenios con centros semellantes doutras administracións públicas e institucións.
- d) Propoñer a organización administrativa da escola e o seu correspondente cadro de persoal.
- e) Propoñer os programas comúns para o ingreso na Administración pública galega e emitir un informe sobre os programas específicos da selección do persoal ao servizo desta, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.
- d) Establecer as bases e condicións xerais de participación e acceso aos cursos ou actividades que convoque a EGAP.
- e) Elaborar e aprobar o regulamento interno da EGAP.
- f) Coñecer os asuntos que, pola súa relevancia, lle sometan ao presidente do Consello ou ao director da EGAP.

O Consello Reitor da EGAP está constituído do seguinte xeito:

## Presidente:

- Excmo. Sr. D. José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

## Vicepresidente:

- Ilmo. Sr. D. José Rodríguez González  
Director xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

## Vogais:

- Ilmo. Sr. D. Antonio Izquierdo Escribano  
Director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).



## En representación da Xunta de Galicia:

- Ilmo. Sr. D. Juan José Gómez Romero  
Director xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.
- Ilmo. Sr. D. Francisco Carballal Lugrís  
Secretario xeral da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. Matilde Begoña Rodríguez Run  
Directora xeral de Administración Local da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Ilmo. Sr. D. Pedro Antonio Fernández Fernández  
Director xeral de Orzamentos da Consellería de Economía e Facenda.
- Ilmo. Sr. D. José Vicente Alvariño Alejandro  
Director xeral xefe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

## Expertos en Administración pública:

- Ilmo. Sr. D. Gaspar Ariño Ortiz  
Catedrático de dereito administrativo da Universidade Autónoma de Madrid.
- Ilmo. Sr. D. Lorenzo Martín Retortillo  
Catedrático de dereito administrativo da Universidade Complutense de Madrid.
- Excmo. Sr. D. José Luis Meilán Gil  
Catedrático emérito de dereito administrativo da Universidade da Coruña.
- Ilmo. Sr. D. José Luís Carro Fernández-Valmayor  
Catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.
- Excmo. Sr. D. Álvaro Rodríguez Bereijo  
Conseilleiro do Consello de Estado e catedrático de dereito financeiro da Universidade Autónoma de Madrid.

## En representación das universidades:

- Ilmo. Sr. D. Ramón Máiz Suárez  
Catedrático de ciencia política e da Administración da Universidade de Santiago de Compostela.
- Ilmo. Sr. D. Eloy Rodríguez Gayán  
Decano da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.
- Sr. D. Manuel Castro Oliva  
Xefe do Servizo de Investigación da Universidade de Vigo.

## En representación da Administración local:

- Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal  
Presidente da Deputación provincial de Pontevedra.
- Sr. D. Jesús Villamor Calvo  
Alcalde-presidente do Concello de Padrón (A Coruña).
- Sr. D. Francisco García Suárez  
Alcalde do Concello de Allariz (Ourense).
- Sr. D. Eduardo Ramonde Rodríguez  
En representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

## Representantes sindicais:

- Sr. D. Pedro Luaces González  
En representación da UXT.
- Sr. D. Alexandre Banhos Campo  
En representación da CIG (Administración autonómica).
- Sr. D. Xabier Picón Picallo  
En representación da CIG (Administración local).
- Sra. D<sup>a</sup>. Juliana Barbosa Sánchez  
En representación de CC.OO.
- Sra. D<sup>a</sup> Avelina Riveira Baño  
En representación de CC.OO.
- Sra. D<sup>a</sup>. Rosario Valledor Puente  
En representación da UXT.

## Secretario:

- Ilmo. Sr. D. Javier Corrales Piquero  
Secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública.





### . 03.2. O director da EGAP ten as seguintes competencias:

- a) Exercer a representación ordinaria da Escola.
- b) Preparar e executar os acordos do Consello Reitor.
- c) Dirixir os servizos e exercer a xefatura do persoal da Escola.
- d) Exercer a xestión orzamentaria da escola, dispoñer os gastos e propoñer a ordenación dos pagamentos.
- e) Elaborar o Anteproxecto do orzamento anual da Escola, para sometelo á aprobación do Consello Reitor.
- f) Propoñerlle ao Consello Reitor o Plan anual de actividades.
- g) Preparar a memoria de actividades da Escola, para o seu sometemento ao Consello Reitor.
- h) Coordinar o desenvolvemento das actividades da Escola.
- i) Expedir os diplomas e os certificados acreditativos dos estudos realizados na Escola.
- l) Dirixir, impulsar e supervisar o cumprimento dos fins e das actividades da Escola.

Baixo a dependencia do director da Escola e á fronte da Área de Administración, hai un secretario xeral ao que lle corresponden as seguintes atribucións:

- a) Desempeñar a Secretaría do Consello Reitor.
- b) Coordinar todos os servizos da Escola.
- c) Elaborar o Anteproxecto do orzamento.
- d) Xestionar os créditos orzamentarios.
- e) Tramitar e xestionar a contratación administrativa.
- f) Dirixir a xestión do persoal da EGAP.
- g) Administrar e xestionar o patrimonio.
- h) Elaborar os anteproxectos de disposición, instruíóns e circulares.
- i) Asistir ao director en asuntos xurídicos e financeiros.
- l) Réxime interior da EGAP.
- m) Substituír ao director nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.
- n) Aquelas competencias que o director lle delegue.

A EGAP estrutúrase nas seguintes unidades organizativas básicas:

### a) Dependentes do director:

- Xefatura de Estudos.
- Servizo de Selección, Formación, Perfeccionamento e Especialización do Persoal da Administración Autonómica.
- Servizo de Selección, Formación, Perfeccionamento e Especialización do Persoal ao Servizo da Administración Local e doutras Administracións Públicas.
- Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.

### b) Dependentes do secretario xeral:

- Servizo Económico-Administrativo.





“Centro público de formación do persoal ao  
servizo das administracións públicas de Galicia e  
de estudo e divulgación de temas relacionados coa  
Administración e coa función pública”

# 03

## Actividades da xefatura de estudos





Actividades da Xefatura de Estudos

## 03.01. CONFERENCIAS

### Acto de Apertura do curso 2005: Conferencia sobre os retos actuais do Tribunal Constitucional español

#### 1. Obxectivos

Analizar os principais retos que se lle presentan ao Tribunal Constitucional español.

#### 2. Destinatarios

Persoal das administracións públicas e interesados en xeral.

#### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: dúas horas.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da EGAP.
- 3.3. Data: 28 de xaneiro de 2005.
- 3.4. Horario: 12.45 h.
- 3.5. Prazas: 312.

#### 4. Contido

Os retos actuais do Tribunal Constitucional español.

#### 5. Convocatoria

Mediante invitación persoal.



## **Xornadas sobre o sector ferroviario**

### **1. Obxectivos**

Poñer ao día formativamente a profesionais, aos empregados públicos e a persoas con especial interese no campo ferroviario e no ámbito dos servizos públicos, mediante a exposición a debate dos temas máis candentes do sector a partir das políticas de liberalización iniciadas nos últimos anos. Combínase a formulación teórica coa experiencia práctica dos relatores, para conseguir o necesario equilibrio entre o rigor académico e a proximidade aos problemas reais que soen preocupar ao operador xurídico ou técnico.

O obxectivo destes sete relatorios e ofrecer unha visión, nun momento de cambio, do panorama xurídico do ferrocarril en España, con especial incidencia no modelo autonómico e, en particular, referencia á Comunidade autónoma galega.

### **2. Destinatarios**

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### **3. Desenvolvemento**

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación de Presidencia na Coruña.
- 3.3. Datas: 15 e 16 de febreiro de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 46.

### **4. Contido**

- A distribución competencial no marco do sector ferroviario.
- Encadramento do novo concepto de servizo público e a súa repercusión no sector ferroviario.
- A integración da Lei do sector ferroviario no sistema administrativo español.
- A liberación ferroviaria e a Lei 39/2003 do sector ferroviario.
- Os axentes do transporte ferroviario no novo marco regulador.
- Urbanismo e liberación do sector ferroviario.
- A rede ferroviaria galega.

### **5. Convocatoria**

DOG n.º 17, do 26-01-2005



# Kornadas sobre a constitucionalización na Unión Europea e as súas implicacións para as entidades subestatais

## 1. Obxectivos

Reflexionar e debater ao máximo nivel os novos desafíos que formulan o avance dos procesos de integración e constitucionalización en Europa e América Latina: perspectivas para a Comunidade autónoma de Galicia. Preténdese conseguir deste xeito o fomento do debate, o intercambio de ideas, e a difusión da situación e perspectivas das comunidades autónomas españolas (e Galicia en particular) ante o proxecto do Tratado de Constitución europea, a ampliación aos países do centro e leste de Europa e os procesos de integración socioeconómicos e políticos en América Latina.

O proxecto do Tratado de Constitución para Europa, que establece un novo marco competencial entre a Unión e os estados membros, require unha formulación desde o dereito constitucional. Se ben os problemas clásicos se encadran dentro das áreas de economía e dereito da integración, agora hai que incluír o dereito constitucional, pois os protagonistas na integración son os estados e non as rexións. Estas últimas recoñécense na Unión Europea como realidades sociais para a cooperación e o desenvolvemento, pero o papel e as relacións formais entre a Unión Europea e as rexións permanecen no ámbito constitucional interno dos estados membros.

Os promotores científicos desta actividade son a área de dereito constitucional da Universidade da Coruña e de La Laguna, a Axencia Española de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Interiores, a cátedra 'Jean Monnet' de economía industrial europea da Universidade da Coruña e o Instituto Eurolatino Americano de Integración (IELEPI).

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela, rúa Madrid, 2-4.
- 3.3. Datás: 17 e 18 de febreiro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 44.

## 4. Contido

- Os resultados da Conferencia intergubernamental de Roma.
- O sistema de ponderación de voto no Consello: análise da disputa.
- A solucións ao fracaso: unha análise desde a Comisión.
- As eleccións de 2004 ao Parlamento europeo.
- Análise do proceso de ampliación: balance, problemas e perspectivas.
- Un espacio de liberdade, seguridade e xustiza trala Convención.
- A Carta dos dereitos fundamentais da Unión.
- Os progresos na política exterior e de seguridade común e as relacións.

## 5. Convocatoria

DOG n.º 23, do 3-02-2005.

## Xornadas sobre a equidistribución urbanística e a obtención de terreos dotacionais

### 1. Obxectivos

Acadar unha aproximación ás técnicas de obtención dos terreos destinados a dotacións públicas, así como a súa valoración. Por este motivo, é preciso realizar un repaso ás técnicas equidistributivas que funcionan como instrumentos básicos na achega dos terreos antes mencionados, do mesmo xeito que a vixencia da distinción clásica entre dotacións locais e sistemas xerais.

### 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, sito na praza da Estrela-Concepción Arenal, n.º 8.
- 3.3. Datas: 23 e 24 de febreiro de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 52.

### 4. Contido

- A posición do urbanizador: urbanismo concertado e contratación administrativa. Precedentes xurisprudenciais
- Características básicas do sistema na lexislación galega. Distinción e experiencia doutros modelos autonómicos
- Iniciativa propia ou privada. Especial referencia á execución privada. Réxime xurídico dos documentos a presentar: proposición xurídico-económica, documento de condicións económicas e anteproxecto de urbanización.
- Tramitación procedimental do sistema de concesión de obra urbanizadora.
- Réxime de responsabilidade e retribución do urbanizador

### 5. Convocatoria

DOG n.º 24, do 04-02-2005.

# Xornadas sobre o silencio administrativo e a notificación dos actos administrativos

## 1. Obxectivos

Levar a cabo un estudo das distintas tipoloxías da inactividade administrativa, con especial referencia ao silencio administrativo. Precisamente pola importancia do réxime xurídico dos actos presuntos, os relatorios dedícanse a coñecer a natureza xurídica do silencio, así como unha exposición do réxime xurídico comun na materia, con particular incidencia en novidades orixinadas polos avances tecnolóxicos ou a comunitarización do dereito interno, mais sen descuidar cuestións clásicas pero sempre controvertidas como o silencio contra legem, completándose cun estudo permenorizado do réxime de notificacións dos actos administrativos.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.
- 3.3. Datás: 2 de marzo de 2005.
- 3.4. Horarios: sesión de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 157.

## 4. Contido

- As notificacións no Dereito administrativo. Decisións notificables. Destinatario, receptor e lugar de notificación. Publicacións substitutivas
- Contido das notificacións. Efectos da falta de notificación e das notificacións inválidas. A caducidade de procedementos.
- Natureza xurídica do silencio administrativo. Os prazos do silencio e o seu cómputo. Silencio positivo e negativo (recovabilidade e silencio contra legem)
- Cómputo do prazo do silencio. Réxime de impugnación dos actos producidos polo silencio administrativo

## 5. Convocatoria

DOG n.º 30, de 14-02-2005.

## Xornadas sobre urbanismo e centros comerciais e de ocio

### 1. Obxectivos

Realizar unha exposición transversal dos temas que afectan ao desenvolvemento urbanístico con oferta comercial e de lecer. A partir desta perspectiva, estudaranse desde cuestións puramente urbanísticas a outras ambientais e comerciais. Preténdese dar unha visión practica, achegando a experiencia de proxectos executados ou en execución.

### 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación de Presidencia na Coruña.
- 3.3. Data: 16 de marzo de 2005.
- 3.4. Horarios: sesión de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 105.

### 4. Contido

- A orixe do chamado “urbanismo comercial”. Os instrumentos do urbanismo comercial e os seus diferentes modelos.
- A integración do equipamento comercial nos instrumentos de planificación territorial, urbanística e comercial. Propostas para unha ordenación territorial do equipamento comercial.
- Réxime xurídico da ordenación e implantación dos establecementos comerciais na Comunidade autónoma de Galicia I e II.
- Implantación de proxectos no solo non urbanizable. Réxime xurídico dos proxectos de interese supramunicipal: “o urbanismo autonómico. Especial estudo da lexislación galega. Consideración do factor medioambiental.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 37, do 23-02-2005.

# Xornadas sobre o sistema de concesión de obra urbanizadora

## 1. Obxectivos

Tras a STJCE, de 12 de xullo de 2001 (asunto “proxecto escala 2001”), a figura do axente urbanizador foi obxecto dunha importante discusión doutrinal, que tamén tivo manifestación na xurisprudencia dos tribunais superiores de xustiza. Desde esta polémica, preténdese achegar solucións ao debate xurdido, pero, por outra banda, esta actividade ten unha perspectiva práctica fundamental. Por iso, centrándose no urbanismo galego, afrontaránse cuestións prácticas como as diferentes posibilidades de actuación e a forma de contratar a obra urbanizadora ou ben a responsabilidade e a retribución do urbanizador.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo.
- 3.3. Data: 29 de marzo de 2005.
- 3.4. Horarios: sesión de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 90.

## 4. Contido

- A posición do urbanizador: urbanismo concertado e contratación administrativa. Precedentes xurisprudenciais
- Características básicas do sistema na lexislación galega. Distinción e experiencia doutros modelos autonómicos
- Iniciativa propia ou privada. Especial referencia á execución privada. Réxime xurídico dos documentos a presentar: proposición xurídico-económica, documento de condicións económicas e anteproxecto de urbanización.
- Tramitación procedimental do sistema de concesión de obra urbanizadora.
- Réxime de responsabilidade e retribución do urbanizador

## 5. Convocatoria

DOG n.º 50, do 14-03-2005.v

# Xornada sobre protocolo e comunicación pública na Administración

## 1. Obxectivos

Procurar un achegamento global ao fenómeno do protocolo como ferramenta e expresión do poder diante dos cidadáns, na súa fasquía simbólica e representativa, que esixe manter orde rigoroso e coidado cando as institucións se comunican publicamente, ou entre sí. Estas xornadas, de mans de notables expertos, afondarán progresivamente en tódolos niveis do coñecemento desta especialidade, desde o espazo mais achegado aos cidadáns, o municipal, ao propio protocolo do Estado.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ourense, sito na Avda. da Habana, n.º 79.
- 3.3. Datas: 6 e 7 de abril de 2005.
- 3.4. Prazas: 175.

## 4. Contido

- A experiencia dos actos internacionais organizados pola Xunta de Galicia
- Apuntes históricos do protocolo: desde a Roma Imperial aos nosos días. Unha referencia a Galicia.
- O protocolo no espazo local. A nova situación creada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local. Réxime específico dos municipios de gran poboación.
- O protocolo como ferramenta de xestión no ámbito institucional. Casos prácticos.
- Conflictos de protocolo entre o Estado e as Comunidades autónomas
- O protocolo especializado: protocolo universitario, empresarial, social, militar e honores de ordenanza.
- Premios, honores e distincións do Reino de España
- O protocolo do Estado e da Casa Real

## 5. Convocatoria

DOG n.º 52, do 16-03-2005.



## Xornadas sobre a contratación e fiscalidade das sociedades de xestión urbanística

### 1. Obxectivos

Analizar o réxime xurídico das sociedades municipais de xestión urbanística, unha das cuestións de maior interese no eido do dereito urbanístico. Sen dúbida, este tipo de sociedades estase constituíndo, paulatina pero decididamente, nunha vía de intervención pública áxil, cada vez de maior importancia no día a día do desenvolvemento urbanístico, o que xustifica, pola relevancia desta temática, a convocatoria desta actividade.

### 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública en Ferrol.
- 3.3. Datas: 19 e 20 de abril de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 60.

### 4. Contido

- A creación das sociedades municipais de xestión urbanística. A iniciativa económica local como presuposto da actividade das sociedades municipais de xestión urbanística. Especialidades procedementais na iniciativa económica local. Dereito da competencia e sociedades municipais de xestión urbanística.
- Estatuto xurídico das sociedades de xestión urbanísticas: constitución e aspectos organizativos. Réxime de persoal. Alcance da capacidade de obrar. Réxime patrimonial. Modalidades de actuación. Análise da lexislación aplicable estatal e de Galicia.
- Réxime fiscal das sociedades de xestión urbanística
- Financiamento das sociedades de xestión urbanística
- Réxime de contratación das sociedades de xestión urbanística
- Vivenda protexida e sociedades de xestión urbanística. A xestión do patrimonio municipal do solo polas sociedades municipais de xestión urbanística.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-2005.

# Kornadas sobre o contrato de arrendamento rústico e a modernización das explotacións agrarias

## 1. Obxectivos

Coñecer a situación nas comunidades autónomas e, en especial, en Galicia, no que se refire a utilización do arrendamento como medio para o agrandamento das unidades económicas de explotación, analizando os exemplos existentes e propoñendo vías de reforma que poidan ser útiles.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.
- 3.3. Datás: 28 e 29 de abril de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 51.

## 4. Contido

- O contrato de arrendamento rústico e a modernización das estruturas agrarias en Galicia. A superación do minifundio e o arrendamento subvencionado.
- O contrato de arrendamento rústico como instrumento de modernización desde a perspectiva do Dereito comunitario.

- O contrato de arrendamento rústico e a modernización de explotacións agrarias en Cataluña e Aragón. Referencia especial á duración do contrato e as súas eventuais prórrogas. Incentivos para prorrogar a duración.
- O contrato de arrendamento rústico e a modernización de explotacións agrarias nas comunidades autónomas de Murcia, Valencia e Baleares. Referencia especial á parcería e ao agrandamento das explotacións.
- O contrato de arrendamento rústico e a superación do minifundio asturiano e cántabro. Especial referencia á eventual “profesionalidade” do arrendatario e ao tope de superficie arrendada.
- O contrato de arrendamento rústico e a modernización de explotacións agrarias nas dúas Castelas. Especial referencia aos dereitos de tenteo e retracto en relación con esa modernización.
- O contrato de arrendamento rústico e a modernización das estruturas agrarias en A Ríoxa e o País Vasco, con especial referencia as melloras, incluída a modernización do regadío.
- O contrato de arrendamento rústico e a modernización de explotacións agrarias en Canarias. Especial referencia a institucións consuetudinarias eventualmente aproveitables para a modernización.
- O contrato de arrendamento rústico e a modernización de explotacións agrarias en Andalucía e Extremadura. Especial referencia ao papel das sociedades de servizos e das arrendatarias.
- O contrato de arrendamento rústico e a modernización de explotacións agrarias en Canarias. Especial referencia ás institucións consuetudinarias eventualmente aproveitables para a modernización.

## 5. Convocatoria

DOG n.º 67, do 08-04-2005.

# Xornadas sobre aspectos técnico-xurídicos da sinatura electrónica en España

## 1. Obxectivos

A transición do documento en papel ao soporte electrónico ou dixital esixe un ámbito de transmisión que asegure a autoría, a confidencialidade, a integridade e o non repudio na orixe nin no destino da información que contén.

A chamada criptografía de clave asimétrica ou pública sérvese da sinatura electrónica para ofrecer unha solución técnica que asegure, e incluso incrementemente, esas funcións que acompañaron tradicionalmente á subscripción manuscrita, respecto do documento en formato papel.

Para dotar a sinatura electrónica dun marco xurídico en España, dictouse a recente Lei 59/2003, que substituíu ao pioneiro Decreto Lei 14/1999, que a súa vez, se adelantou por meses á Directiva 1999/93 que establece criterios de harmonización para a súa regulación nos distintos países da Unión Europea.

A prexente xornada pretende abordar con destacados especialistas na materia, non só a súa regulación no noso dereito, senón tamén a súa aplicación práctica, así como o emerxente uso da sinatura electrónica nas relacións dos cidadáns coa Administración tributaria.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ourense
- 3.3. Data: 4 de maio de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 78.

## 4. Contido

- A criptografía adaptada á sinatura electrónica
- Situación actual do uso da sinatura electrónica na administración tributaria
- Marco xeral da sinatura electrónica: a Lei 59/2003
- A sinatura electrónica das persoas xurídicas
- Equivalencia funcional entre a sinatura electrónica e a manuscrita

## 5. Convocatoria

DOG n.º 69, de 12-04-2005.

# Xornadas sobre a contratación pública europea: as novas directivas

## 1. Obxectivos

O 30 de marzo de 2004 aprobáronse formalmente as novas directivas en materia de contratos públicos. A súa publicación no Diario Oficial de Galicia o pasado 30 de abril marca o comezo da conta atrás para a súa transposición: o 31 de xaneiro de 2006.

O obxectivo principal destas xornadas é presentar e explicar as novas directivas sobre a contratación pública dunha maneira clara e accesible. A incorporación destas directivas en España, os retos da contratación electrónica, o contrato de concesión de obra pública e os problemas prácticos con que se enfrontan habitualmente as mesas de contratación serán obxecto de especial atención.

Os conferenciantes exporán as implicacións prácticas das directivas nas actividades de contratación pública, e os principais casos levados ante o Tribunal Europeo. Ao longo destas xornadas debaterase o tema da organización dos contratos públicos na práctica, presentando exemplos sobre as principais problemáticas que deben abordar os xestores e licitadores destes contratos, a contratación pública e o medio, e a problemática da chamada contratación electrónica. Estas xornadas aspiran a facilitarles aos asistentes, a súa plena participación no novo mercado de contratacións públicas, ofrecéndolles desde unha óptica eminentemente práctica os aspectos máis relevantes do debate da nova contratación pública na primeira década do século XXI.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra.
- 3.3. Data: 9 e 10 de maio de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 73.

## 4. Contido

- A importancia da contratación pública en Europa.
- Presentación do novo paquete lexislativo comunitario en materia de contratación pública.
- As directivas de contratos públicos e a xurisprudencia:
- Ámbito de aplicación: o problema dos entes instrumentais
- Ámbito obxectivo: significado da “concesión de servizos” e a contratación dos sectores “especiais”.
- Os procedementos de adjudicación e os criterios de selección: especial atención aos criterios sociais e medioambientais. As directivas de recursos legais: repercusións prácticas.
- O contrato de concesión de obra pública
- O marco normativo da contratación pública electrónica: situación actual e perspectivas. A experiencia de Cataluña.
- Problemas prácticos derivados do regulamento da Lei de contratos das Administracións públicas: teñen solución?
- As reformas da Lei de contratos das Administracións públicas.

## 5. Convocatoria

DOG n.º 73, do 18-04-2005.

# Xornadas sobre a ordenación española da estranxeiría no marco do espazo da liberdade, seguridade e xustiza da Unión Europea

## 1. Obxectivos

A LO 14/2003, do 20 de novembro, pola que se aproba a reforma da LO 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre o dereito e as liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, establecía na disposición adicional terceira o mandato ao Goberno para a elaboración do correspondente Regulamento de execución. Con evidente retraso, e tras unha longa negociación cos sectores sociais implicados, chegándose ao esperado Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro. A dita disposición é o resultado dun alto grao de concertación entre diferentes forzas políticas, axentes sociais e organizacións non gubernamentais e aproveita a ocasión para incorporarlle ao ordenamento xurídico español numerosas disposicións da Unión Europea. Supo a primeira oportunidade de materializar normativamente un cambio de orientación na política migratoria, co convencemento de que é un asunto de Estado que precisa da unión de todas as forzas políticas. O obxectivo destas xornadas é a exposición e a crítica da actual política española de estranxeiría no marco do novo espazo europeo de liberdade, seguridade e xustiza.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación de Presidencia da Coruña.
- 3.3. Data: 12 e 13 de maio de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 61.

## 4. Contido

- A incorporación do “Espazo Schengen” no marco xurídico e institucional da Unión Europea
- Liberdades comunitarias e nacionais de terceiros Estados
- Acceso e integración dos estranxeiros: a experiencia francesa
- Un modelo coherente de normalización?: Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro
- Problemas derivados da reagrupación familiar
- Cara á consolidación dun mercado de traballo integrado en Europa
- Mesa redonda cos relatores e resumo das conclusións das xornadas.

## 5. Convocatoria

DOG n.º 74, do 19-04-2005.

# 0 seguro de responsabilidade civil das administracións públicas

## 1. Obxectivos

A xeneralización do seguro de responsabilidade civil subscrito polas administracións públicas prodúcese nun marco normativo caracterizado pola carencia dunha regulación específica destes seguros e de normas de adecuación do funcionamento dunha institución concibida para as relacións entre suxeitos privados e as peculiaridades das persoas xurídicas públicas.

A modificación da regulación dos contratos das administracións públicas e a máis recente da LOPX e da LXCA, en virtude da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, con vistas a atribuír expresamente a competencia para coñecer as accións de responsabilidade patrimonial -ou civil- exercidas conxuntamente contra a Administración asegurada e a súa aseguradora privada aos órganos da orde xurisdiccional contenciosa-administrativa, determina a oportunidade de celebración desta actividade.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 1 día e medio.

3.2. Lugar: salón de actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol.

3.3. Datas: 19 e 20 de maio.

3.4. Horario: en sesións de mañá e tarde.

3.5. Prazas: 58.

## 4. Contido

- Responsabilidade patrimonial das administracións públicas e responsabilidade civil: problemas de relación de xurisdición competente
- O aseguramento da responsabilidade patrimonial das administracións públicas
- Exercicio da acción directa contra a aseguradora da Administración pública
- O contrato de seguro de responsabilidade civil das administracións públicas
- Xurisdición e dereito aplicable en preitos de responsabilidade civil das administracións públicas: unha visión xurisprudencial
- A vía de regreso fronte ao persoal ao servizo das administracións públicas no caso da existencia dun seguro de responsabilidade civil
- A responsabilidade civil e o aseguramento dos contratistas e dos concesionarios das administracións públicas

## 5. Convocatoria

DOG n.º 77, do 22-04-2005.

## Xornadas sobre responsabilidade por danos

### 1. Obxectivos

A consideración actual da responsabilidade convertiuse nunha das materias mais relevantes da vida actual. Reflicte controversias, comprende respostas e interrogantes e pode ser conceptuada como unha garantía da esfera xurídica da personalidade. A súa actualidade é incesante e a súa constante achega de puntos de vista distintos, convertea nunha materia apaixonante e de grande interese xeral.

A responsabilidade fundaméntase na existencia sempre dunha persoa que ostenta a calidade de prexudicado a consecuencia da produción de actos que poden considerarse ilícitos. Iso determina a necesidade de que sexa protexido no seus intereses, pois ao ser inxustamente prexudicado, estase desvalorando e afectando a súa plenitude persoal.

As presentes xornadas propoñense entrar neste universo de pluralidade e aprender a incesante achega de ideas, coñecementos, situacións, riscos e circunstancias que dan lugar á necesidade de expoñer respostas que, partíndo dun suposto concreto, teñen tendencia a xeneralizarse de forma global.

### 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.
- 3.3. Data: 2 e 3 de xuño de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 56.

### 4. Contido

- Principios xerais da responsabilidade civil
- Responsabilidade no ámbito do consumo
- Responsabilidade dos árbitros e secretarios dos colexios arbitrais
- Responsabilidade sanitaria
- Indenización por causa de morte
- Responsabilidade de pais e menores
- Responsabilidade dos intervinentes no proceso da construción
- Responsabilidade das Administracións públicas

### 5. Convocatoria

DOG n.º 88 do 09-05-2005.

## Xornadas sobre os contratos de consultoría, asistencia e servizos

### 1. Obxectivos

Estudo do réxime xurídico dos contratos de consultoría, asistencia e servizos no marco xeral da lexislación de contratos das administracións públicas. Especial atención á orientación práctica e ás cuestións máis importantes e novidosas xurdidas na xurisprudencia recente.

### 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Centro de Tecnificación Deportiva en Pontevedra.
- 3.3. Datás: 8 e 9 de xuño de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 66.

### 4. Contido

- Os contratos de consultoría, asistencia e de servizos no marco xeral da lexislación de contratos. Ámbito obxectivo e subxectivo da Lei de contratos das administracións públicas
- Definición e tipoloxía dos contratos de consultoría e asistencia de servizos. Duración, requisitos de capacidade e compatibilidade e cuantía
- Actuacións administrativas preparatorias dos contratos de consultoría e asistencia. Requisitos de publicidade
- Procedementos e formas de adxudicación
- Execución e modificación dos contratos, así como o seu cumprimento e resolución.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 92 e 94 do 13 e 18-05-2005.



# Xornadas sobre dereito administrativo histórico

## 1. Obxectivos

A problemática correspondente á Administración cidadán romana agarda aínda ser estudada en profundidade, e non só por un mero interese histórico, senón para coñecer mellor o ordenamento xurídico contemporáneo, que en boa medida é tributario de institucións, feitos e actividade de orde administrativa, que foron coñecidos e regulados no ámbito estatal, provincial e municipal da comunidade política romana. E se ben no campo do dereito non existen regras, institucións nin dogmas inmutables, senón só produtos históricos e continxentes, sí existe, tamén no eido do dereito administrativo, continuidade histórica e interdependencia.

Cando estudosos actuais doutras disciplinas de dereito público deciden analizar as achegas puntuais da investigación histórica correspondentes á experiencia administrativa romana, e esforzarse en entender a linguaxe dos romanistas, en ocasións hermético e non facilmente comprensible para os non especialistas, ou ben acoden directamente ás fontes romanas, soen constatar a existencia dunha complexa problemática administrativa no seo de unha sociedade, coma a romana, en constante expansión e desenvolvemento, na que se atopan expostas, e satisfactoriamente resoltas, as grandes cuestións teóricas e prácticas do dereito administrativo actual, entre as que cabe sinalar: bens patrimoniais e públicos, dispoñibles ou non dispoñibles, obras públicas, concesións e autorizacións, servizos públicos prestados por sociedades privadas, xustiza penal e administrativa, orde pública, policía central, local, funeraria e edilicia, asistencia sanitaria, social e hixiénica, práctica relixiosa, relacións coa administración central. É evidente que co progreso aumentou a complexidade da xestión pública e a dificultade para encamiñala adecuadamente.

Do exposto e da temática que se abordará nestas xornadas, despréndese que a realización desta actividade redundará na formación do persoal ao servizo da Administración pública galega e dos estudosos desta materia.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ourense.
- 3.3. Data: 16 e 17 de xuño de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 30.

## 4. Contido

- Dereito administrativo histórico: planteamento global. A institución provincial
- Protección de bienes de dominio público
- Dereito fiscal romano
- Réxime xurídico das augas públicas
- Réxime xurídico das vías públicas
- Réxime xurídico da prestación de servizos públicos no dereito romano
- Expropiación forzosa no dereito romano
- Gallaecia: romanización e ordenación do territorio

## 5. Convocatoria

DOG n.º 101 do 27-05-2005.

## Xornadas sobre eficiencia enerxética e urbanismo

### 1. Obxectivos

Efectuar unha análise das cuestións máis destacadas relacionadas coa implantación crecente de parques eólicos, sobre todo despois da aprobación do Decreto 302/2001 e das ordes que o desenvolven. Debido á transcendencia da instalación de parques eólicos, o estudo das cuestións derivadas afrontase desde unha perspectiva multidisciplinar, que abarca desde a estritamente enerxética a outras puramente ambientais e urbanísticas.

### 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo.
- 3.3. Data: 21 e 22 de xuño de 2005.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 31.

### 4. Contido

- O réxime xurídico da enerxía eólica. Perspectiva comparada a vista da normativa das distintas comunidades autónomas.
- A enerxía eólica en Galicia. A planificación do planeamento da enerxía eólica:
  - o Plan eólico de Galicia. Os plans eólicos empresariais
- O réxime xurídico específico dos parques eólicos singulares
- Autorizacións administrativas das instalacións dos parques eólicos. Tramitación e xestión ambiental de parques eólicos
- As instalacións de enerxía renovable desde a perspectiva urbanística e da ordenación do territorio
- Parques eólicos, tributación e facenda local.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 104 do 01-06-2005

# Xornada sobre urbanismo e campos de golf

## 1. Obxectivos

O continuo e progresivo incremento da actividade urbanística vén condicionado por diversos factores, principalmente pola necesidade de habilitar solo para vivendas, per non en todos os casos é así. Outros factores interveñen tamén na devandita actividade, dirixidos, se cabe, a potenciar outras ofertas máis alá da vivenda en si mesma, segunda residencia, turismo e, dentro destas, unha nova: o golf como catalizador atraente das futuras posibilidades urbanizadoras.

Todo o anterior será estudado e debatido nesta xornada, coa intención de despezar as incógnitas que esta nova fórmula suscita.

## 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Auditorio Gabriel García Márquez, sito na rua do Chelito s/n, en Mera.
- 3.3. Data: 27 de xuño de 2005.
- 3.4. Horarios: sesión de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 77.

## 4. Contido

Perfeccionar os coñecementos dos usuarios do SXPA sobre conceptos en materia ofimática: Windows 2000 e Word 2000 e sobre algúns conceptos e ferramentas de seguridade utilizadas pola Xunta de Galicia como parte da plataforma tecnolóxica na que se basa o SXPA.

## 2. Destinatarios

Persoal funcionario ou laboral da administración autonómica que sexa usuario final do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) da Xunta de Galicia.

## 3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 15 horas.

3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela: do 23 ao 27 de maio (1ª edición), do 30 de maio ao 3 de xuño (2ª edición); do 6 ao 10 de xuño (3ª edición); do 13 ao 17 de xuño (4ª edición). A Coruña e Lugo: do 6 ao 10 de xuño (1ª edición); do 13 ao 17 de xuño (2ª edición). Pontevedra e Vigo: do 13 ao 17 de xuño (1ª edición); do 20 ao 24 de xuño (2ª edición), Ourense: do 12 ao 16 de setembro (1ª edición) e 19 ao 23 de setembro (2ª edición).

3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.

3.4. Prazas: 10 por edición.

## 4. Contido

O contorno Windows 2000 e o procesador de textos Word 2000. A seguridade informática: conceptos sobre seguridade informática e virus. Medidas preventivas. Antivirus e as súas actualizacións. Actualizacións e parches do sistema operativo.

## 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

# Curso: correo electrónico corporativo da Xunta de Galicia (Lotus Notes) e páxinas web institucionais

(34 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

## 1. Obxectivos

Obter un adecuado coñecemento da ferramenta de correo corporativo da Xunta de Galicia e das páxinas web institucionais. Concienciar aos usuarios da importancia da seguridade informática no correo electrónico e na internet.

## 2. Destinatarios

Persoal funcionario ou laboral da administración autonómica que sexa usuario do correo corporativo da Xunta de Galicia (Lotus Notes).

## 3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 12 horas.

3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela: do 9 ao 22 de setembro (1ª edición); do 26 ao 29 de setembro (2ª edición); do 3 ao 6 de outubro (3ª edición); do 17 ao 20 de outubro (4ª edición); do 24 ao 27 de outubro (5ª edición); do 7 ao 10 de novembro (6ª edición); do 14 ao 17 de novembro (7ª edición); do 21 ao 4 de novembro (8ª edición); do 28 de novembro ao 1 de decembro (9ª edición). A Coruña: do 9 ao 22 de setembro (1ª edición); do 26 ao 29 de setembro (2ª edición); do 17 ao 20 de outubro (4ª edición); do 24 ao 27 de outubro (5ª edición); do 7 ao 10 de novembro (6ª edición); do 14 ao 17 de novembro (7ª edición); do 21 ao 4 de novembro (8ª edición); do 28 de novembro ao 1 de decembro

(9ª edición). Lugo: do 26 ao 29 de setembro (1ª edición); do 17 ao 20 de outubro (2ª edición); do 24 ao 27 de outubro (3ª edición); do 7 ao 10 de novembro (4ª edición). Ourense: do 26 ao 29 de setembro (1ª edición); do 3 ao 6 de outubro (2ª edición); do 24 ao 27 de outubro (4ª edición); do 7 ao 10 de novembro (5ª edición); do 14 ao 17 de novembro (6ª edición); do 28 de novembro ao 1 de decembro (8ª edición). Pontevedra: do 28 de novembro ao 1 de decembro (4ª edición); do 12 de decembro ao 15 de decembro (5ª edición). Vigo: do 19 ao 22 de setembro (1ª edición); do 3 ao 6 de outubro (2ª edición); do 24 ao 27 de outubro (3ª edición); do 7 ao 10 de novembro (4ª edición); do 21 ao 24 de novembro (5ª edición).

3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.

3.4. Prazas: 10 por edición.

## 4. Contido

O correo electrónico (Lotus Notes): a área de traballo (vistas, paneis e carpetas), xestión de correo (envío e recepción de mensaxes), a sinatura electrónica, a axenda, asignación de tarefas, as mensaxes especiais e as bases de datos corporativas. Páxinas web institucionais: [www.xunta.es](http://www.xunta.es), [intranet](http://intranet) e [www.eidolocal.es](http://www.eidolocal.es). A seguridade informática no correo electrónico e na internet.

## 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

# Curso: seguridade informática. Técnicas de mantemento da seguridade informática na plataforma do SXPA

(Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

## 1. Obxectivos

Formar os técnicos informáticos que dan soporte e forman aos usuarios da plataforma informática do SXPA, para que no desenvolvemento do seu traballo habitual potencien a seguridade nesta plataforma.

## 2. Destinatarios

Persoal laboral do grupo III que desempeñe as funcións de coordinador de Infocentro da Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 42 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Aula informática da EGAP (2ª planta), os días 11, 12, 13, 14, 18, 19, 20, 21, 25, 26, 27, 28 de abril, 2 e 3 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

## 4. Contido

A seguridade da información que xestiona o SXPA: protección contra software malicioso, medidas e controles. Xestión de copias de seguridade e recuperación das bases de datos. Xestión e control da rede de datos da Xunta de Galicia. Seguridade do correo electrónico (Lotus Notes). Seguridade en internet. Seguridade do Sistema Operativo. Seguridade en paquetes ofimáticos. Lexislación sobre protección de datos. A protección xurídica dos programas de ordenador.

## 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: reforma administrativa da Xunta de Galicia** (5 edicións)(Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Proporcionar os coñecementos básicos que engloba o proceso de reforma administrativa na Xunta de Galicia.

### 2. Destinatarios

Persoal funcionario pertencente aos grupos A, B e C da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: do 7 ao 10 de xuño. A Coruña: do 7 ao 10 de xuño; Lugo: do 13 ao 16 de xuño; Ourense: do 21 ao 24 de xuño; Vigo: do 21 ao 24 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 15 por edición.

### 4. Contido

O sistema de Información Administrativa e Atención ao Cidadán. As relacións de postos de traballo: orixe, definición, estrutura e tramitación. A calidade nas administracións públicas. Mellora nos procesos e Sistemas de atención ao cidadán: Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA). Servizo de Resposta Inmediata (SERI). Oficina de Tramitación Única de Industrias (OTU). O rexistro de contratistas. E-administración. Sistemas de xestión de calidade. As cartas de servizos; outros sistemas. A avaliación do rendemento: fundamento legal e económico; características do sistema; a calidade como factor clave na avaliación. Metodoloxía e fases. Analogías e diferenzas entre a avaliación e outros sistemas de calidade.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

# Curso: perfeccionamento do sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA) da Xunta de Galicia (5 edicións)(Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

## 1. Obxectivos

Afondar no coñecemento técnico-funcional do sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA), especialmente as novas funcionalidades.

## 2. Destinatarios

Usuarios finais do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) da Xunta de Galicia.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: do 9 ao 13 de maio; A Coruña: do 9 ao 13 de maio; Lugo: do 23 ao 27 de maio; Ourense: do 23 ao 27 de maio; Vigo: do 23 ao 27 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas:10 por edición.

## 4. Contido

Introdución á reforma administrativa levada a cabo na Xunta de Galicia. Aspectos funcionais do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA). Rexistro de entradas e saídas. Módulo de tramitación. Módulo de información e seguimento. Módulo de subvencións.

## 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: prevención de riscos laborais. Plans de emerxencia** (10 edicións)(Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Formar aos integrantes dos grupos de acción dos plans de emerxencia e autoprotección dos centros de traballo da Xunta de Galicia, segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais no seu artigo 20.

### 2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia, excepto persoal de centros docentes e persoal estatutario do Sergas.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: 6, 7 e 8 de abril (1ª edición); 13, 14 e 15 de abril (2ª edición). A Coruña: 20, 21 e 22 de abril (1ª edición); 27, 28 e 29 de abril (2ª edición). Lugo: 11, 12 e 13 de maio (1ª edición); 25, 26 e 27 de maio (2ª edición). Ourense: 1, 2 e 3 de xuño (1ª edición), 5, 6 e 7 de outubro (2ª edición). Vigo: 19, 20 e 21 de outubro. Pontevedra: 26, 27 e 28 de outubro.

- 3.3. Horarios: das 9 a 14 horas.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

### 4. Contido

Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios. Plans de emerxencia. Primeiros auxilios. Prácticas con lume real: extintores e biés.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.



## **Curso: básico de prevención de riesgos laborales** (2 edicións)(Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Formar os traballadores da Administración Xeral da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais, segundo o establecido no art. 19 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais.

### 2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, que desenvolvan tarefas relacionadas co contido do curso, excepto persoal de docente e persoal estatutario do Sergas.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas
- 3.2.. Lugar e datas: Santiago de Compostela: do 23 de maio ao 3 de xuño (1ª edición) e do 17 ao 28 de outubro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 16,30 ás 19,30 horas.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

### 4. Contido

Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo. Riscos xerais e a súa prevención. Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade da empresa. Elementos básicos de xestión da prevención de riscos. Primeiros auxilios

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: prevención de riscos laborais. Riscos xenéricos na Administración pública**

(4 edicións)(Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Formar os traballadores da Administración Xeral da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais segundo o establecido no art. 19 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais.

### 2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, excepto persoal docente e persoal estatutario do Sergas, que desenvolvan tarefas relacionadas co contido do curso.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2.. Lugar e datas: A Coruña, os días 6, 7 e 8 de abril. Lugo, os días 13, 14 e 15 de abril. Ourense, os días 20, 21 e 22 de abril. Pontevedra, os días 27, 28 e 29 de abril.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 14 horas.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

### 4. Contido

O posto de traballo: a mesa, a cadeira, o ordenador, a postura de traballo, o coidado do lombo. Riscos xenéricos relacionados coas características do lugar de traballo. Emerxencia no posto de traballo. Primeiros auxilios

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: introdución á xurisdición contencioso-administrativa** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Dotar ao persoal ao servizo da administración ao que se dirixe o curso dos coñecementos imprescindibles sobre a xurisdición e os procedementos contencioso-administrativo.

### 2. Destinatarios

Funcionarios do grupo A e B e persoal laboral dos grupos I e II, que no seu posto de traballo desenvolvan tarefas de relación e comunicación con órganos xurisdicionais contencioso-administrativos (remisión e recepción de documentación, medidas cautelares e execución de resolucións xudiciais).

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días: 17, 18, 19, 20, 24, 25 e 26 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

### 4. Contido

A xurisdición contencioso-administrativa: ámbito e competencias. Partes e obxecto do recurso. Procedemento ordinario. Procedemento abreviado e procedementos especiais. Recursos. Execución de sentenzas. Medidas cautelares.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: introdución aos conceptos xurídicos** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Dotar ao persoal ao servizo da administración ao que se dirixe e que por mor do seu traballo manexen documentación xurídica, dos elementos necesarios para acadar unha mellor comprensión deles.

### 2. Destinatarios

Funcionarios da Xunta de Galicia dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV (non licenciados en Dereito), que no seu posto de traballo manexen documentos de carácter xurídico.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugares e datas: EGAP, os días:18, 19, 20, 21, 25, 26 e 27 de abril (1ª edición) e os días 23, 24, 25, 26 , 30 e 31 de maio e 1 de xuño (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

### 4. Contido

As fontes do dereito. Aplicación das normas xurídicas. Efectos das normas. Relación xurídica: suxeitos. O obxecto da relación xurídica. O dereito subxectivo. O negocio xurídico.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: a intervención pública na economía europea: fundamentos e instrumentos** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Realizar unha aproximación ao funcionamento da economía europea. Dar a coñecer as ferramentas básicas para a análise do dereito comunitario e dos fallos do libre mercado. Facilitar a comprensión das institucións xurídico-económicas no marco das políticas comúns.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia sen formación económica específica.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2.. Lugar e datas: EGAP, os días: 1, 5, 6, 7, 8, 12, 13, 14, 15 e 19 de setembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

Introdución ás institucións da UEM: a lóxica económica da UEM. Principios e institucións do libre mercado. Distorsións típicas da competencia: oligopolios, monopolios, acordos colusivos. A defensa da competencia na UE. Fallos do sector público. Teoría da elección pública e análise económico do dereito. Grupos de interese e burocracia. Análise económica-política das institucións da UE. Incidencia económica das normas xurídicas da UE.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: básico de dereito social comunitario** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Familiarizar ao persoal autónómico coa normativa comunitaria que prevalece na execución das diversas facetas da política social e que informa a interpretación doutros preceptos a miúdo utilizados na xestión administrativa nese ámbito. Coñecer as últimas correntes da doutrina xurisprudencial na materia. Facilitar a instrución de procedementos de competencia autónómica que estean condicionados polo acervo comunitario.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2.. Lugar e datas: EGAP, os días: 19, 20, 21, 22, 26, 27, 28 e 29 de setembro e 3 e 4 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

Programas de acción afirmativa a favor de colectivos sociais con carencias ou sobrerepresentación. Normativa primaria e derivada anti-discriminación: interpretación xurisprudencial. Organización, procedementos administrativos e financeiros e intervencións do Fondo Social Europeo. Condicións laborais: seguridade, salarios, duración do traballo e relacións laborais. Desemprego e fomento do emprego. Principios de seguridade social comunitaria. Libre circulación de traballadores e liberdade de establecemento. Protección da saúde e dos consumidores. Educación, formación e cultura.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: deseño e xestión de proxectos europeos nun contorno competitivo** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Transmisión de conceptos e ferramentas fundamentais para participar en convocatorias de institucións e órganos comunitarios en competencia con outras administracións e entes públicos. Preparar equipos para seleccionar convocatorias, elaborar proxectos e concorrer a procedementos de dimensión europea. Estender a cultura da competitividade en aquelas áreas influenciadas polas diversas políticas públicas europeas no escenario da ampliación da UE e a rivalidade polos recursos.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2.. Lugar e datas: EGAP, os días: 2, 3, 4, 9, 10, 11, 12, 16, 18 e 19 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

Introdución: o orzamento comunitario. Evolución e trazos principais. A Administración comunitaria: estrutura e características. Contorno das administracións e entes competidores. Marco financeiro das convocatorias comunitarias: expansión das políticas comúns e restrición de recursos. Pautas e principios das convocatorias europeas. Análise preliminar: estudos previos (autochequeo e exame de competencia), análise de rendibilidade e eficiencia. Técnicas de planificación. Preparación e presentación do proxecto. Relacións coa unidades instrutoras e control xurídico das súas decisións. Execución: instrumentos de avaliación da calidade.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: a cooperación para o desenvolvemento desde Galicia e a Unión Europea** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública]

### 1. Obxectivos

Familiarizar ao persoal autonómico coa normativa de cooperación ao desenvolvemento, os seus órganos e institucións, e a súa política e exercicio, así como coas liñas da política da Unión Europea no marco da dita cooperación.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2.. Lugar e datas: EGAP, os días: 20, 21, 22, 23, 27, 28, 29 e 30 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

A cooperación para o desenvolvemento realizada pola Xunta de Galicia e outros axentes de cooperación. A política da Unión Europea para a cooperación ao desenvolvemento. O ciclo de xestión de proxectos de desenvolvemento: enfoque de marco lóxico e de xénero

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.



## **Curso: control de axudas públicas** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

### 1. Obxectivos

Formar aos funcionarios nos sistemas de control de axudas e subvencións públicas, en especial no relativo a súa incidencia da planificación económica e a programación dos fondos comunitarios.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 2, 3, 7, 8, 9, 10, 14, 15, 16 e 17 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

### 4. Contido

Normativa legal que afecta ao control das axudas públicas. O ciclo da xestión das subvencións e a súa influencia sobre o control. As axudas procedentes de fondos europeos e o seu control. Metodoloxía aplicable ao control das subvencións. Unha experiencia práctica sobre o control das subvencións. A auditoría: unha técnica aplicable á revisión das subvencións.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: fondos estruturais comunitarios** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

### 1. Obxectivos

Dar a coñecer os mecanismos comunitarios de aplicación de políticas de axuste estrutural, así como os seus instrumentos de xestión, logo da aprobación da nova normativa dos fondos estruturais da Unión Europea para o período 2000-2006, así como afondar na súa incidencia na programación económica da Xunta de Galicia.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15, 16 e 17 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

### 4. Contido

Anormativa comunitaria. A política rexional e os novos regulamentos dos fondos estruturais comunitarios. O Fondo Social Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). O Fondo Social Europeo (FSE). O Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP). O Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA). O Fondo de cohesión. A programación económica da Xunta de Galicia e o financiamento comunitario. A negociación dos fondos estruturais nas institucións comunitarias.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: xestión de taxas e prezos** (3 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

### 1. Obxectivos

Obter unha xestión eficaz e eficiente das taxas e prezos esixibles no ámbito da Administración da Xunta de Galicia con aplicación de criterios uniformes. Fomentar o emprego dos medios telemáticos como instrumento eficaz da xestión destes ingresos.

### 2. Destinatarios

Todo o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia que realice tarefas relacionadas coa xestión de taxas e/ou prezos.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Lugo: 19, 20, 21, 22, 26, 27, 28 e 29 de setembro. Santiago de Compostela: 26, 27, 28 e 29 de setembro e 3, 4, 5 e 6 de outubro. Pontevedra: 3, 4, 5, 6, 17, 18, 19 e 20 de outubro..
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

### 4. Contido

Instrumentos financeiros e reguladores da Comunidade Autónoma de Galicia. Procedemento de establecemento de taxas, prezos e exaccións reguladoras. Elaboración da memoria económica. Taxas: concepto, clases, feito imponible, suxeito pasivo, devengo, tarifas, xestión e liquidación. Supostos concretos. Prezos públicos: concepto, elementos esenciais, xestión e liquidación. Supostos concretos. Prezos privados: concepto, elementos esenciais, xestión e liquidación. Supostos concretos. Recadación de taxas e prezos. Revisión de taxas e prezos. Recurso de reposición previo ao económico-administrativa; recurso contencioso administrativo. Outros procedementos. Utilización dos medios telemáticos en materia de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: procedementos tributarios** (3 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

### 1. Obxectivos

Dar a coñecer as novidades introducidas en materia tributaria nos principais procedementos tributarios.

### 2. Destinatarios

Todo o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia que realice tarefas relacionadas co contido do curso.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Ourense: 17, 18, 19, 20, 4, 25, 26 e 27 de outubro; A Coruña: 24, 25, 26 e 27 de outubro e 2, 3, 7 e 8 de novembro. Santiago de Compostela: 2,, 3, 7, 7, 9, 10, 14 e 15 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

### 4. Contido

Disposicións xerais. Os tributos. Aplicación dos tributos. Principios xerais. Procedementos en xestión. Procedemento de inspección. Procedemento de recadación. Infraccións e sancións tributarias. Procedementos especiais de revisión. Recurso de reposición e reclamación económico-administrativa.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: novidades legislativas e xurisprudenciais en materia tributaria** (4 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

### 1. Obxectivos

Dar a coñecer as novidades introducidas en materia tributaria nas leis de orzamentos e de medidas e/ou outras normativa, así como revisar as novidades procedentes da última xurisprudencia recaída en materia tributaria.

### 2. Destinatarios

Todo o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia que realice tarefas relacionadas co contido do curso.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Ourense: 4, 5, 6 e 7 de abril. Vigo: 11, 12, 13 e 14 de abril. A Coruña: 18, 19, 20 e 21 de abril. Santiago de Compostela: 25, 26, 27 e 28 de abril.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

### 4. Contido

Tributos estatais: novidades legislativas, novidades xurisprudenciais. Tributos cedidos: novidades legislativas, novidades xurisprudenciais. Tributos propios: novidades legislativas; novidades xurisprudenciais. Procedementos: novidades legislativas; novidades xurisprudenciais. Outras modificacións legislativas. Outras novidades xurisprudenciais.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

**Curso: Xumco 2** (7 edicións) (Plan de Formación Continua)  
[En colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

## 1. Obxectivos

Coñecer as funcionalidades da aplicación Xumco 2, actualizando coñecementos dos usuarios no manexo básico da aplicación.

## 2. Destinatarios

Usuarios da aplicación e xestores de gastos.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: do 11 ao 15 de abril (1ª edición); do 5 ao 9 de setembro (2ª edición); do 3 ao 7 de outubro (3ª edición). A Coruña: do 7 ao 11 de marzo. Vigo: do 9 ao 13 de maio. Ourense: do 6 ao 10 de xuño. Lugo: do 4 ao 8 de xullo.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

## 4. Contido

A aplicación Xumco 2. Contorno de traballo e características xerais. Orzamento. Entrada de documentos e gastos. Axudas e fondos.

## 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: aplicación da nómina** (7 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

### 1. Obxectivos

Coñecer as funcionalidades da aplicación de nómina e actualizar ao usuario no manexo básico da aplicación.

### 2. Destinatarios

Habilitados de nómina e xestores.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela: do 25 ao 29 de abril (1ª edición); do 26 ao 30 de setembro (2ª edición); do 2 ao 8 de novembro (3ª edición). A Coruña: do 28 de marzo ao 1 de abril. Vigo: do 23 ao 27 de maio. Ourense: do 20 ao 24 de xuño. Lugo do 24 ao 28 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

### 4. Contido

Contorno de traballo e características xerais. Entrada de documentos de incidencias de nómina. Xeración colectiva ou individual con datos económicos históricos. Consultas actuais e históricas de haberes calculados. Contorno web.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: sistema de información para seguimiento de ejecución presupostaria (SISP)** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Economía e Facenda]

### 1. Obxectivos

Cofecemento das distintas funcionalidades do sistema de información, co obxectivo de que os órganos xestores do orzamento poidan obter diferentes informes e gráficos sobre a execución orzamentaria e contable dos seus centros directivos.

### 2. Destinatarios

Responsables de unidades económicas.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 4 horas.
- 3.2. Lugar e datas:Santiago de Compostela: 18 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

¿Qué é un Datawarehouse?. Información disponible. Funcionalidades do SISP.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.



## **Curso: introdución aos solos e gravas para a construción de estradas e o seu control de calidade** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda]

### 1. Obxectivos

Analizar os distintos materiais que se utilizan na construción de estradas e coñecer os ensaios de laboratorio máis habituais no seu control.

### 2. Destinatarios

Persoal da Dirección Xeral de Obras Públicas e das delegacións provinciais da CPTOPV que realice funcións de inspección e vixilancia de obras e de explotación de estradas.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, os días 5, 12, 19 e 26 de abril; 3, 10 e 24 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

### 4. Contido

Coñecementos dos materiais, normativa de materiais e normativa de controles de materiais.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: formación en transportes** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda]

### 1. Obxectivos

Proporcionar unha formación básica en materias de competencia da Dirección Xeral de Transportes.

### 2. Destinatarios

Funcionarios do grupos C e D e persoal laboral asimilable.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 9 ao 13 de maio.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

Ordenamento xurídico do transporte. O sistema concesional. Autorizacións de transporte: transporte escolar. Réxime sancionador e inspección do transporte. Mercadorias perigosas e perecedoiras. Discos-tacógrafos.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: a vivenda e os dereitos dos adquirentes** (2 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda]

### 1. Obxectivos

Ofrecer ao persoal da Comunidade Autónoma unha visión o máis pormenorizada posible da problemática que presenta o tráfico xurídico das vivendas.

### 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Administración autonómica.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Lugo, os días 11, 12, 13 e 14 de abril. Pontevedra, os días 18, 19, 20 e 21 de abril.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 20 horas.
- 3.3. Prazas: 25 por edición.

### 4. Contido

Estudo da protección administrativa e civil dos adquirentes de todo tipo de vivendas. Facultades e dereitos dos organismos autonómicos sobre a transmisión de vivendas sometidas a protección. Réxime de fianzas no alugamento de inmobles. Requisitos de arrendamento. Cédula de habitabilidade. Réxime de infraccións e sancións na Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: introdución ao Autocad para estradas** (2 edicións) (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda]

### 1. Obxectivos

Obter unha visión global das ferramentas informáticas de debuxo dispoñibles habitualmente (Autocad) e o seu uso na xestión de estradas.

### 2. Destinatarios

Persoal da oficina técnica: enxeñeiros de camino, canais e portos e enxeñeiros de obras públicas, topógrafos e delineantes adscritos á Dirección Xeral de Obras Públicas e aos servizos provinciais de estradas da CPTOPV.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela; os días 4, 11, 18 e 25 de abril; 2, 9, 16, 23 e 30 de maio e os días 5, 12, 19 e 26 de setembro; 3, 10, 17, 24 e 31 de outubro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20.30 horas.
- 3.4. Prazas: 12 por edición.

### 4. Contido

Capacidades de Autocad 2005 e a súa aplicación específica a estradas.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: o coidado das persoas con discapacidade e a educación especial** (2 edicións) (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Actualizar a capacitación profesional do persoal responsable do coidado das persoas con discapacidade. Facilitar estratexias de intervención que posibiliten unha mellora na calidade de prestacións destas persoas.

### 2. Destinatarios

Traballadores/as que ocupen postos de educador/a, e auxiliar coidador/a nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Lugo, os días 6, 7, 8, 9 e 10 de xuño; Santiago de Compostela, os días 20, 21, 22, 23 e 24 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

### 4. Contido

Hixiene e saúde: aseo persoal do alumnado. Vestido persoal do alumnado. Hixiene da alimentación. Saúde e medio ambiente. Estética persoal e hixiene do persoal responsable do coidado. Saúde e enfermidade: enfermidades propias da infancia. Principais causas e clases de enfermidades do discapacitado. Principios xerais de socorrismo. Primeiros auxilios. Lecer e tempo libre: o internado como continuador do labor educativo. O centro como fogar continuador da vida familiar. Actividades de tempo libre: o xogo. Personalidade: adecuación ás características individuais das persoas con discapacidades. Intervención nas condutas problemáticas.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: a limpeza nos centros educativos** (2 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Realizar a limpeza e posta a punto de áreas comúns, mobiliario e instalacións das diferentes dependencias de residencias, despachos, cocinas, aulas e baños dos centros educativos, con maior calidade respecto á limpeza e hixiene e ao perfecto estado das instalacións.

### 2. Destinatarios

Traballadores/as que ocupen postos de da categoría 11 do grupo V nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Pontevedra, os días 5, 6, 7, 8 e 9 de setembro (1ª edición); e os días 12, 13, 14, 15 e 16 de setembro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 horas (1ª edición); das 9.30 ás 20.30 horas (2ª edición).
- 3.4. Prazas: 15 por edición.

### 4. Contido

Introdución á zona de traballo. Limpeza e mantemento de diferentes superficies, mobiliario, elementos comúns e accesorios.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: as aplicacións informáticas para a xestión do persoal docente que imparte ensinanzas escolares** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Formación nas novas tecnoloxías que se están a aplicar na xestión do persoal docente.

### 2. Destinatarios

Persoal que ocupa postos de traballo nos servizos e seccións de persoal das delegacións e dos servizos centrais da Consellería.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela, os días 23, 24, 25, 30 e 31 de maio.
- 3.3. Horarios: de 16.30 ás 20.30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

Aplicación informática de xestión de substitucións. Aplicación informática de xestión de cargos directivos e órganos de coordinación didáctica. Aplicación informática de xestión do concurso de traslados. Aplicación informática de xestión do concurso-oposición. Aplicación informática da xestión xeral do profesorado.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: o contorno de traballo nas secretarías dos centros docentes públicos** (2 edicións) (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Mellorar o coñecemento dos profesionais sobre o contorno de traballo no ámbito das secretarías dos centros docentes para acadar mellores cotas de rendemento e calidade.

### 2. Destinatarios

Persoal que ocupe postos de administrativo ou auxiliar administrativo na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Ourense: 3, 4, 5 e 6 de outubro. Santiago de Compostela: 17, 18, 19, 20 e 21 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

### 4. Contido

Sistema educativo: estrutura do sistema educativo; administración educativa autonómica e estatal: estrutura e competencias. Os centros educativos públicos: tipos, regulación, organización e funcionamento. Persoal dos centros: tipos e regulación. Os alumnos: admisión, matrícula, documentos, títulos, validacións, homologacións, traslados de expedientes. Exencións. Réxime económico dos centros: as taxas académicas. Coñecementos básicos sobre os servizos educativos complementarios: bolsas, transporte escolar; comedores. A documentación administrativa e académica: arquivo e xestión; o rexistro nos centros docentes, características; as compulsa e os certificados.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.



## **Curso: o coidado do alumnado con necesidades derivadas de deficiencias motóricas** (2 edicións) (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Actualizar os coñecementos profesionais do persoal responsable do coidado e axuda complementaria ao alumnado con necesidades derivadas de deficiencias motóricas. Propor melloras na calidade da atención das persoas con necesidades derivadas de deficiencias motoras.

### 2. Destinatarios

Traballadores/as que ocupen postos de auxiliar coidador/a e de educador/a nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña: 17, 18, 19, 20 e 21 de outubro. Vigo: 24, 25, 26, 27 e 28 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

### 4. Contido

Saúde e deficiencia motriz: presentación das alteracións máis comúns: concecuencia das distintas deficiencias producidas nos sistemas que desenvolven o movemento corporal, óseo, articular, muscular ou nervioso. Tipos e graos. Atencións especiais a prestar polo profesional auxiliar coidador/a. O coidador nos centros educativos con alumnado con necesidades asociadas a discapacidades motrices: a súa participación na mellora da atención respecto á autonomía persoal. O papel do auxiliar coidador/a como persoal de atención, vixilancia, coidado e favorecedor das relacións co conxunto do alumnado do centro. A atención do auxiliar coidador/a no control de esfínteres, limpeza, vestido, alimentación. Atencións e coidados especiais en saídas, paseos, xogos e emprego do tempo de lecer en xeral. Colaboración interprofesional no desenvolvemento de propostas de axuda complementaria.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: preparación e elaboración de menús nos comedores escolares públicos I** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Adquirir as técnicas básicas utilizadas na cociña profesional para unha maior calidade do servizo de comedor nos centros escolares públicos. Realizar pratos sinxelos para a posterior elaboración de menús completos tendo presente as características dos destinatarios.

### 2. Destinatarios

Traballadores/as que ocupen postos de oficial 1º de cociña, oficial 2º de cociña ou axudantes de cociña nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela, os días 27, 28, 29 e 30 de setembro.
- 3.3. Horarios: de 9 ás 15 horas
- 3.4. Prazas: 15.

### 4. Contido

Elaboración de fondos básicos de cociña. Mollos quentes e fríos. Cremas. Ensaladas e gornicións a base de hortalizas. Peixes. Carnes.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: preparación e elaboración de menús nos comedores escolares públicos II** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Adquirir as técnicas básicas utilizadas na cociña profesional para unha maior calidade do servizo de comedor nos centros escolares públicos. Realizar pratos sinxelos para a posterior elaboración de menús completos tendo presente as características dos destinatarios. Elaborar postres sinxelos.

### 2. Destinatarios

Traballadores/as que ocupen postos de oficial 1º de cociña, oficial 2º de cociña ou axudantes de cociña nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 16 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela, os días 1, 2, e 3 de xuño.
- 3.3. Horarios: de 9 ás 14.30 horas (o día 3 remata ás 14 horas).
- 3.4. Prazas: 15.

### 4. Contido

Pasta italiana, masas salgadas. Ovos. Postres e respostaría.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: básico de cociña nos comedores escolares públicos** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Adquirir os coñecementos necesarios para montar unha mesa dependendo das necesidades do menú nun comedor escolar. Realizar correctamente o servizo dun menú nun comedor escolar. Realizar correctamente o servizo dun menú con rapidez e seguridade nun comedor escolar. Coñecer os procesos de preelaboración dos alimentos. Realizar os procesos de limpeza e hixiene de cociña e comedor ademais do seus útiles e enseres.

### 2. Destinatarios

Traballadores/as que ocupen postos de axudantes de cociña, camareiros/as limpadores/as, oficial 1º de cociña, oficial 2º de cociña e en xeral todo o persoal que ocupe postos de traballo da categoría 1º do grupo V nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, os días 27, 28, 29 e 30 de setembro.
- 3.3. Horarios: de 16 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 15.

### 4. Contido

Montaxe de mesas. Servizo a comensais e recollida. Preelaboración de hortalizas e ensaladas. Preelaboración de peixes. Preelaboración de carnes. Hixiene do proceso de recollida.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: xadeweb secundaria** (4 edicións) (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Aproximar aos usuarios ao emprego de aplicacións en contorno web.  
Capacitar aos usuarios para poder levar a cabo a xestión administrativa e académica dun centro de educación secundaria mediante a aplicación.

### 2. Destinatarios

Administrativos e auxiliares administrativos de centros educativos públicos dependentes da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, os días 29, 31 de marzo; 5, 7, 12, 14, 19, 21, 26 e 28 de abril.
- 3.3. Horarios: de 18 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

### 4. Contido

Aplicación en contorno web: estrutura e nocións básicas sobre o funcionamento da aplicación. Configuración da aplicación en contorno web: datos por defecto, configuracións de inicio de curso, usuarios e perfís. A xestión do profesorado en contorno web, altas, modificacións, xestión de substitutos, control de asistencia e baixas, histórico. A xestión do persoal non docente en contorno web: altas, control de asistencia e baixas. A xestión do alumnado en contorno web: altas, modificacións, control de asistencia, avaliación, expedientes, histórico. Xestión de secretaría en contorno web: entradas e saídas, inventario, libros de escolaridade e reunións de órganos colexiados. Informes: informes predefinidos e xestor de informes en contorno web.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: xadeweb secundaria na modalidade de teleformación** (5 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Aproximar aos usuarios ao emprego de aplicacións en contorno web.  
Capacitar aos usuarios para poder levar a cabo a xestión administrativa e académica dun centro de educación secundaria mediante aplicación.

### 2. Destinatarios

Administrativos e auxiliares administrativos de centros educativos públicos dependentes da Xunta de Galicia, con coñecemento de acceso a Internet.

### 3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 20 horas (16 de autoformación con titorías telemáticas e 4 horas presenciais). A realización de autoformación, a través de PLATEGA, complementarase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que o alumnado poida formularlle ao profesorado todas as dúbidas relacionadas coa materia do curso. Sesións presenciais: realizaranse dúas sesións presenciais de 2 horas, a primeira ao comezo do curso co fin de explicar o seguimento e a estrutura deste, e a segunda ao remate para a realización dunha avaliación.

- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela e Vigo (1ª edición), os días 20 de abril ao 31 de maio, A Coruña os días 5 de outubro ao 27 de outubro, Lugo e Vigo (2ª edición) os días 4 de outubro a 27 de outubro.
- 3.3. Prazas: 20.

### 4. Contido

Aplicacións en contono web: estrutura e nocións básicas sobre o funcionamento da aplicación. Configuración da aplicación en contorno web: datos por defecto, configuracións de inicio de curso, usuarios e perfís. A xestión do profesorado en contorno web: altas, modificacións, xestión de substitutos, control de asistencia e baixas, histórico. A xestión do persoal non docente en contorno web: altas, control de asistencia e baixas. A xestión do alumnado en contorno web: altas, modificacións, control de asistencia, avaliación, expedientes, histórico. Xestión de. Secretaría en contorno web: entradas e saídas, inventario, libros de escolaridade e reunións de órganos colexiados. Informes: informes predefinidos e xestor de informes en contorno web.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: xadeweb primaria na modalidade de teleformación** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Aproximar aos usuarios ao emprego de aplicacións en contorno web.  
Capacitar aos usuarios para poder levar a cabo a xestión administrativa e académica dun centro de educación primaria e/ou educación infantil mediante aplicación.

### 2. Destinatarios

Administrativos e auxiliares administrativos de centros educativos públicos dependentes da Xunta de Galicia, con coñecemento de acceso a Internet.

### 3. Desenvolvemento

3.2. Duración: 20 horas (16 de autoformación con titorías telemáticas e 4 horas presenciais). A realización de autoformación, a través de PLATEGA, complementarase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que o alumnado poida formularlle ao profesorado todas as dúbidas relacionadas coa materia do curso. Sesións presenciais: realizaranse dúas sesións presenciais de 2 horas, a primeira ao comezo do curso co fin de explicar o seguimento e a estrutura deste, e a segunda ao remate para a realización dunha avaliación.

3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 18 de abril ao 30 de maio.

3.3. Prazas: 20.

### 4. Contido

Aplicacións en contono web: estrutura e nocións básicas sobre o funcionamento da aplicación. Configuración da aplicación: datos por defecto, configuracións de inicio de curso, usuarios e perfís. A xestión do profesorado: altas, modificacións, xestión de substitutos, control de asistencia e baixas, histórico. A xestión do persoal non docente: altas, control de asistencia, avaliación, expedientes, histórico. Secretaría: entradas e saídas, inventario, libros de escolaridade e reunións de órganos colexiados. Informes: informes predefinidos e xestor de informes.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: básico sobre a dimensión europea da educación e a formación** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria]

### 1. Obxectivos

Acadar a consecución dunha perspectiva integrada sobre a evolución e desenvolvemento das medidas comunitarias europeas no seo da súa incipiente política educativa. Familiarizar aos destinatarios cos instrumentos, medidas e obxectivos marcados no eido educativo pola Comunidade Europea. Transmitir os coñecementos precisos para divulgar axeitadamente aquelas disposicións e iniciativas máis interesantes para os diferentes axentes da comunidade educativa.

### 2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, tendo preferencia os que desenvolvan as súas tarefas relacionadas co contido do curso.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Egap, os días 11, 12, 13, 14 e 15 de abril.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 8 ao 9 de marzo (1ª edición) e do 18 ao 19 de outubro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas e das 16 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 50 por edición.

### 4. Contido

Criterios de indicadores da norma UNE 16/2002-1/2001. Estrutura do Sistema de Xestión Forestal Sostible. Documentos (manuais, procedementos, impresos, outros documentos) e Revisión do Sistema de Xestión Forestal Sostible. Outros sistemas de certificación implantados en Galicia. Preparación para auditorías externas e internas. Estudo de adaptación do sistema de certificación FSC.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: catálogo xeral de especies ameazadas. Conservación da biodiversidade** (2 edicións) (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

### 1. Obxectivos

Co motivo da próxima publicación do Catálogo Xeral de Especies Ameazadas de Galicia, o obxectivo principal é dar a coñecer aos axentes forestais e técnicos da Dirección Xeral de Conservación da Natureza o contido deste catálogo, criterios de introdución dunha especie nel ou motivos da súa exclusión, así como identificar as especies que se inclúen.

### 2. Destinatarios

Técnicos da Dirección Xeral de Conservación da Natureza que deben remitir informes sobre espazos afectados pola Rede Natura 2000. Axentes forestais destinados en zonas propostas para formar parte de Rede Natura 2000.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 2, 3, 4, 9, 10, 11 e 12 de maio (1ª edición). Os días 13, 14, 15, 16, 20, 21, 22 e 23 de xuño (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 40 por edición.

### 4. Contido

Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Listas roxas de especies. O seu valor normativo. Criterios para incluír ou excluír unha especie no catálogo. Identificación de especies do catálogo.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: a autorización ambiental integrada (AAI)** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

### 1. Obxectivos

Dar a coñecer e analizar entre o persoal que ten que participar no procedemento de autorización ambiental integrada, o reto que representa para a administración a súa aplicación práctica. Explicar e discutir os aspectos que deben ser abordados, dentro do procedemento, nos correspondentes informes dos órganos que se deben pronunciar sobre as distintas materias da súa competencia. Analizar o contido da documentación que se debe requirir ao solicitante da autorización e o papel das melloras técnicas dispoñibles e outros aspectos ambientais co obxecto de determinar os valores límite de emisión. Papel e integración da avaliación do impacto ambiental no procedemento de autorización ambiental integrada.

### 2. Destinatarios

Funcionarios e técnicos dos servizos centrais e provinciais que participen directa ou indirectamente na tramitación da autorización ambiental integrada.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 18, 19 e 20 de abril.

3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas (todos os días) e das 16 ás 20 horas (días 18 e 19).

3.4. Prazas: 50.

### 4. Contido

Impacto ambiental da actividade industrial: a autorización ambiental integrada e a avaliación do impacto ambiental. Contido da autorización ambiental integrada. Participación das distintas unidades no procedemento administrativo da autorización ambiental integrada. Implantación das Melloras Técnicas Dispoñibles (MTD`s) e papel de estas na autorización ambiental integrada. Fixación dos valores límites de emisión. Requisitos de documentación e aspectos a informar en materia de: protección do medio atmosférico, protección do solo, residuos, protección das augas, protección da saúde humana e prevención de accidentes industriais e as súas consecuencias.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## Curso: desenvolvemento sustentable e integración ambiental (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

### 1. Obxectivos

Dar a coñecer o concepto de desenvolvemento sustentable e o reto que representa para unha administración autonómica a súa aplicación práctica. Formar a persoal no seguimento que se fará da Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible, en particular na integración da variable ambiental nas diferentes políticas sectoriais. Explicar o papel da autoridade ambiental e a súa participación na avaliación dos criterios ambientais dos fondos europeos. Dar a coñecer a futura avaliación ambiental estratéxica a que deberán someterse os plans e programas elaborados polas consellerías.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e laborais dos grupos I e II, preferiblemente dos servizos centrais da Xunta de Galicia das diferentes consellerías.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 6 e 7 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 14 horas e das 16 as 19 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

O concepto de desenvolvemento sustentable: antecedentes e situación actual. As estratexias de desenvolvemento sustentable: administración europea, estatal, autonómica e local. A Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible. Integración da variable ambiental nas políticas sectoriais. A autorización ambiental de Galicia e a avaliación do programa operativo. A estratexia de cambio climático e a implicación das políticas sectoriais. O proceso de transposición da avaliación ambiental estratéxica e as súas implicacións prácticas.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: tratamento de lodos das EDAR** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

### 1. Obxectivos

Difundir o coñecemento actualizado da explotación de lodos nas estacións de tratamentos de augas residuais desde o punto de vista normativo e técnico-práctico.

### 2. Destinatarios

Enxeñeiros de camiños, canais e portos e enxeñeiros técnicos de obras públicas da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 18 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 15, 17, 22, 29, 31 de marzo e 5 de abril.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 19 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

Control e problemática dos lodos. Normativa aplicable. Deseño e construción da liña de lodos dunha EDAR. Dimensionamento da liña de lodos. Espesamento de lodos. Transporte de lodos. Problemática da biomasa: bulking e foaming. Métodos prácticos de control do bulking. Problemas do lodo activado non causados por filamentos.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: seguridade e saúde na obra forestal** (2 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

### 1. Obxectivos

Formar aos destinatarios na aplicación e desenvolvemento dos aspectos relativos á seguridade e saúde na execución das obras, con especial fincapé nas obras forestais.

### 2. Destinatarios

Técnicos vinculados á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente con funcións de xestión de obra forestal.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 16 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 12 e 13 de abril (1ª edición) e os días 25 e 26 de outubro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 e das 16 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 50.

### 4. Contido

Legislación aplicable. Características especiais das obras forestais. Principios xerais aplicables aos proxectos de obras. Obligacións e responsabilidades das partes intervintes. Protocolo de actuación. Seguridade e saúde nas obras xestionadas baixo certificación forestal.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.



## **Curso: a Rede Natura 2000. normativa. Hábitats. Especies** (2 edicións) (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

### 1. Obxectivos

A crecente preocupación dos concellos que aportan terreos a Rede Natura 2000 así como dos propietarios de terreos implicados, crean unha serie de dúbidas as que as administracións deben dan resposta. Polo tanto é necesario que as persoas que están en contacto directo cos interesados ou que deben informar sobre proxectos que poidan afectar á Rede Natura 2000 estén formados cuns criterios comúns para todo o territorio de Comunidade Autónoma respecto da problemática que implica a Rede Natura 2000.

### 2. Destinatarios

Técnicos da Dirección Xeral de Conservación da Natureza que deben emitir informes sobre espazos afectados pola Rede Natura 2000. axentes forestais destinados en zonas propostas para formar parte da Rede Natura 2000.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 11, 12, 13, 14, 18, 19, 20, 21, 25 e 26 de abril (1ª edición) e os días 23, 24, 25, 26, 30, 31 de maio; 1, 2, 6 e 7 de xuño (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

### 4. Contido

Directiva 79/409/CE, directiva 92/43/CE, Real Decreto 1997/1995 de 7 de decembro. As leis de conservación da natureza estatais e comunitarias. Normativa de desenvolvemento. A xestión dos lugares propostos para formar parte da Rede Natura 2000. Os hábitats da Rede Natura presentes na nosa comunidade. As especies dos anexos das Directivas Aves e Hábitats.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: meteoroloxía e climatoloxía. Nocións xerais e a súa aplicación en Galicia** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

### 1. Obxectivos

Dar a coñecer os fundamentos básicos en climatoloxía e meteoroloxía co obxectivo de interpretar os fenómenos que teñen lugar na atmósfera.

### 2. Destinatarios

Técnicos da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 27 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 19, 20, 21, 26, 27 e 28 de abril.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 20.30 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

### 4. Contido

Fundamentos de meteoroloxía. Análises de sistemas meteorolóxicos. Meteoroloxía observacional. Predición meteorolóxica. Clima e cambio climático. Radiación solar.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: procedementos en materia de relacións laborais** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

### 1. Obxectivos

Formar ao persoal adscrito aos órganos con competencia en procedementos en materias de relacións laborais.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia, adscritos aos departamentos con competencia de actuación en procedementos en materias de relacións laborais.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 23, 24, 25, 26, 30, 31 de maio, 1, 2, 6 e 7 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

### 4. Contido

Regulación de emprego. Expedientes de infraccións e sancións na orde social. Negociación colectiva. Folgas e peches patronais. Conflitos colectivos e individuais. Empresas de traballo temporal. Sindicatos e asociacións empresariais. Eleccións sindicais

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

# Curso: políticas activas de emprego. Incentivos á promoción de emprego (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

## 1. Obxectivos

Afondar no coñecemento das medidas de políticas activas de emprego, en especial dos programas de incentivos dirixidos á promoción do emprego.

## 2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Administración autonómica, preferentemente destinados en unidades relacionadas coa xestión das políticas activas de emprego.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 18, 19, 23, 24, 25, 26, 30, 31 de maio, 1 e 2 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

## 4. Contido

Módulo I: o Servizo Público de Emprego de Galicia: normativa, competencias e planificación.

Módulo II: programas de cooperación-programas de mellora da empregabilidade: programas mixtos de formación-emprego. Programas de cooperación: concepto, finalidade e liñas de axuda. Programas experienciais: tipoloxía, beneficiarios e principais características. Rede de técnicos de emprego: finalidade, funcións e composición da rede. Programa “Labora: Xuventude con Experiencia”. Programa de fomento da integración laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica. Programas mixtos de formación-emprego: escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

Módulo III: incentivos á contratación por conta allea. Breve análise das modalidades de contratación laboral. Incentivos á contratación temporal. Incentivos á contratación indefinida. Incentivos á integración laboral das persoas con discapacidade.

Módulo IV: incentivos ao autoemprego e á economía social. Características das principais formas xurídicas das empresas. Incentivos ao autoemprego: autónomos - S.L.N.E. Incentivos á economía social: cooperativas e sociedades laborais. Incentivos á promoción da iniciativa empresarial no ámbito local e rural. Iniciativa empresariais de base tecnolóxica: IEBT's. Incentivos á integración laboral das persoas con discapacidade.

## 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: prestacións e accións para a inclusión socio-laboral das persoas en situación de exclusión social** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

### 1. Obxectivos

Estudo das prestacións e accións para a inclusión socio-laboral das persoas en situación de exclusión social, analizando as reformas legislativas sobre a materia e realizando un seguimento exhaustivo dos distintos programas existentes para favorecer a inclusión socio-laboral.

### 2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 21, 22, 23, 24, 28, 29 e 30 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas, agás o último día que será de 17 ás 19 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

A nova regulación da renda de integración social de Galicia e das axudas para situacións de emerxencia social. Seguimento do Plan de Inclusión Social de Galicia. Novas iniciativas comunitarias sobre a materia. A xestión informatizada destas prestacións. As escolas obradoiro e os programas de cooperación para as persoas en risco de exclusión social. O programa Labora. A formación profesional ocupacional e a orientación laboral para as persoas con dificultades de inserción socio-laboral.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: xestión das accións formativas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

### 1. Obxectivos

Coñecemento específico de que é o FSE, a súa normativa de regulación e as normas estatais de transposición no seu caso. Coñecemento de cómo se deben xestionar e controlar as accións formativas impartidas e financiadas con estes fondos.

### 2. Destinatarios

Persoal da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 28 ao 31 de marzo e 4 de abril.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas, agás o último día que será de 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

Fondos estruturais – Fondo Social Europeo. Que é, obxectivos, normativa. Aplicación normativa en España, normas de desenvolvemento. Elixibilidade dos casos imputables. Control e pista de auditoría.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: as sociedades cooperativas galegas e outras formas de economía social** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

### 1. Obxectivos

Formar ao persoal da Administración autonómica nas características e regulación legal das sociedades cooperativas galegas e nas posibilidades de promoción e fomento das fórmulas empresariais de economía social.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 24, 25, 26, 31 de maio, 1 e 2 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas, agás o último día que será de 16 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

### 4. Contido

O cooperativismo. A súa presenza en Galicia: importancia social e económica. Regulación legal da sociedade cooperativa galega. Aspectos económicos e sociais e vantaxes competitivas das cooperativas agrarias e das cooperativas de traballo asociado. Medidas de apoio ao cooperativismo. Outras formas de economía social: as sociedades laborais. Análise de experiencias galegas..

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: avaliación de contaminantes biolóxicos** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

### 1. Obxectivos

Cofecer a normativa sobre contaminantes biolóxicos e práctica de valoración destes contaminantes nos lugares de traballo e medio ambiente.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV que preferentemente no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionadas cos obxectivos do curso.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Rande-Rendondela. Pontevedra (Centro de Seguridade e Saúde Laboral), os días 15, 16 e 17 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

Os contaminantes biolóxicos. Concepto e clasificación. Actividades laborais que poden presentar riscos biolóxicos. Análise dos axentes biolóxicos. Criterios de valoración. Directivas comunitarias e normativa española sobre contaminantes biolóxicos.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.



## **Curso: a xestión de prestacións de natureza non contributiva** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

### 1. Obxectivos

O estudo dos problemas que presenta a xestión das prestacións de natureza non contributiva e a mellora do uso das ferramentas informáticas específicas destas prestacións.

### 2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 17 ao 20 de outubro e do 24 ao 26 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas (agás o último día no que o horario será de 17 a 19 horas).
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

A natureza das prestacións de natureza non contributiva. Requisitos de concesión. Modo de cómputo dos recursos dos solicitantes. Procedementos de revisión do outorgamento da prestación. Incidencia do recoñecemento do grao de minusvalía nas prestacións de invalidez. Estudo dos criterios de tramitación ditados polo IMSERSO. Os réximes transitorios existentes. As ferramentas informáticas específicas destas prestacións.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: inmigración e estranxeiría** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Emigración]

### 1. Obxectivos

Conseguir a formación necesaria do persoal para o desenvolvemento do seu traballo.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Administración autonómica.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 7, 8, 9, 10, 14, 15, 16 e 17 de marzo.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 19.30 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

### 4. Contido

Marco legal da inmigración. Antecedentes e regulación actual. Dereitos e liberdades dos estranxeiros en España. Dereito á educación, asistencia sanitaria e empadramento. A reagrupación familiar. O control da inmigración: entrada e saída de estranxeiros. O permiso de residencia. O visado. Concesión e tramitación. Tipos. A exención do visado. O inmigrante no mercado laboral español. Os permisos de traballo. Permisos por conta propia ou allea. Tramitación dos permisos de traballo. Concesión, renovación e denegación. O continxente. Regulación e tramitación. Especial referencia ao continxente de Galicia. O estatuto xurídico do refuxiado. O asilo e os desplazados. Inmigración e integración social..

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: o procedemento administrativo. Particular referencia ao de contratación e concesión de subvencións a tramitar co exterior** (Plan de Formación Continua) [En colaboración coa Consellería de Emigración]

### 1. Obxectivos

Coiñecer as peculiaridades que presentan os distintos procedementos administrativos, especialmente o de contratación e de concesión de subvencións, cando os interesados son estranxeiros ou, sendo españois, residen en país estranxeiro.

### 2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Administración autonómica.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 4, 5 e 6 de abril.
- 3.3. Horarios: das 9.30 ás 14.30 horas e das 16.30 ás 18.30 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

### 4. Contido

Introdución: a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A presentación e rexistro de documentación; a notificación dos actos; a ampliación dos prazos de tramitación; a exención forzosa e demais singularidades. O emprego de idiomas estranxeiros. O procedemento de contratación. Casos prácticos. O procedemento de concesión de subvencións. Casos prácticos

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: introdución á Constitución Europea** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración cos Órganos estatutarios]

### 1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos xerais sobre a Constitución Europea, con especial referencia a nova estrutura institucional da UE, os dereitos fundamentais dos cidadáns, así como a súa incidencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

### 2. Destinatarios

Persoal funcionario dos grupos C e D ou laborais asimilados ao servizo da institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 21, 22, 23, 24, 28, 29 e 30 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

A adopción dunha constitución para Europa. Convención europea e o proceso de ratificación. Unha constitución para a Unión Europea. Aspectos xerais (principios e obxectivos). A regulamentación das competencias da Unión na Constitución Europea. O principio de subsidiariedade. Os actos xurídicos da Unión Europea. A xerarquía normativa. O funcionamento da Unión Europea. A nova estrutura institucional. Unha constitución para o cidadán europeo. A protección dos dereitos fundamentais. Os entes subestatais na Constitución Europea. Perspectivas para as comunidades autónomas e os entes locais. Constitución Europea e Galicia

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: internet avanzado** (Plan de Formación Continua) [En colaboración cos Órganos estatutarios]

### 1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos avanzados sobre o acceso e manexo da Internet.

### 2. Destinatarios

Persoal funcionario dos grupos C e D ou laborais asimilados ao servizo da institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21 e 22 de decembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

Coñecementos teóricos sobre redes de ordenadores. Historia de Internet. World wide web: accesos directos aos lugares máis visitados. Buscas. O correo electrónico. Os grupos de noticias (news). Colaboración en tempo real. Chat e video conferencia. Personalización do navegador. Plug-ins. Seguridade nas comunicacións. Publicar contidos propios na rede: fundamentos de html. O proceso de publicación web.

### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

## **Curso: xestión orzamentaria e operacións de pagamento** (Plan de Formación Continua)

[En colaboración cos Órganos estatutarios]

### 1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos específicos en materia de xestión orzamentaria, con especial referencia aos procedementos de xestión de operacións de pagamento.

### 2. Destinatarios

Persoal funcionario dos grupos C e D ou laborais asimilados ao servizo da Institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAR, os días 19, 20, 21, 22, 26, 27 e 28 de setembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido


Introdución: actividade financeira pública. O orzamento. Execución do orzamento. Control de execución do orzamento. Obrigas e pagamentos.


### 5. Convocatoria

DOG nº. 8, do 13-01-2005.

# 05

## Actividades do servizo de formación do persoal da Administración Local e doutras Administracións





# 05.01. **ÁREA LOCAL**

Actividades do servizo de Formación do Persoal da Administración Local e doutras Administracións

## . 01.1. **Plan EGAP - CELGA**

### . 01.1. 1. **CURSOS**

#### **Xestor de bases de datos. Microsoft Access** (Plan EGAP - CELGA)

##### 1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos introductorios no manexo do xestor de bases de datos.

##### 2. Destinatarios

Persoal das corporacións locais.

##### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar: Pontevedra.
- 3.3. Datas: 1, 2, 3, 7, 8, 10, 14 e 15 de febreiro de 2005.
- 3.4. Horarios: das 17:00 ás 20:00 horas.
- 3.5. Prazas: 20.

##### 4. Contido

Conceptos básicos: barras de ferramentas. Xestión de táboas. Consultas. Formularios. Informes.

##### 5. Convocatoria

DOG n.º 2, do 04-01-05.



## Folla de cálculo. Microsoft Excel (Plan EGAP - CELGA)

### 1. Obxectivos

Proporcionar coñecementos básicos no manexo do sistema operativo de folla de cálculo. Creación de follas de cálculo.

### 2. Destinatarios

Persoal de corporacións locais.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar: Pontevedra.
- 3.3. Datas: 16, 17, 21, 22, 23, 24 e 28 de febreiro de 2005.
- 3.4. Horarios: das 17:00 as 20:00 h.
- 3.5. Prazas: 20.

### 4. Contido

Coñecementos de folla de cálculo. Introducción de datos. Os comandos da folla de cálculo. Copias de datos gráficos. Deseño de follas de cálculo.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 2, do 04-01-05.



# Sobre o portal dos concellos de Galicia: Eido Local e o novo rexistro de entradas e saídas vía web

(11 edicións) (Plan EGAP - CELGA)

## 1. Obxectivos

Formar ao persoal das 287 corporacións locais da Comunidade Autónoma que utilizan o programa do Rexistro de Entradas e Saídas da Xunta na actualidade e que se verán obrigados a levar un novo sistema de rexistro vía WEB. Formar, en xeral, ao persoal da Administración Local sobre a utilización e contidos das zonas públicas e privadas do portal Eido Local, coa finalidade de facer completamente real o uso da Internet como vía de comunicación entre a Administración Autonómica, a Administración Local e os seus cidadáns, é dicir, que o 100% das tramitacións e comunicacións poidan realizarse telemáticamente (envíos de anuncios ao DOG, envíos á DXAL, tramitacións de expedientes, etc.).

## 2. Destinatarios

Persoal das corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 horas cada edición.
- 3.2. N.º de edicións: 11.
- 3.3. Lugares: 1 edición na Coruña, 2 en Lugo e Pontevedra, e 3 en Santiago de Compostela e en Ourense.

Santiago de Compostela: Aula de informática do 2º andar da Escola Galega de Administración Pública, Rúa Madrid, 2-4; A Coruña: Aula de informática do edificio administrativo de Servizos Múltiples, Praza Luis Seoane, s/n.; Lugo: Aula de informática do edificio administrativo. Baixo 2.º. Ronda da Muralla, 70;

Ourense: Aula de informática da Delegación da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Avda. da Habana, 79; Pontevedra: Aula de informática da Delegación da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Rúa Benito Corbal, 47. Planta baixa

3.4. Datas: Santiago de Compostela: 1ª edición: 14 ao 17 de marzo, 2ª edición: 28 ao 31 de marzo, 3ª edición: 4 ao 7 de abril; A Coruña: 1ª edición: 7 ao 10 de marzo, 2ª edición: 4 ao 7 de abril; Lugo: 1ª edición: 21 ao 24 de febreiro, 2ª edición: 28 de febreiro ao 3 de marzo; Ourense: 1ª edición: 21 ao 24 de febreiro, 2ª edición: 7 ao 10 de marzo, 3ª edición: 28 ao 31 de marzo; Pontevedra: 1ª edición: 28 de febreiro ao 3 de marzo, 2ª edición: 14 ao 17 de marzo.

3.5. Horarios: das 17:00 ás 19:30 h.

3.6. Prazas: 20 por edición.

## 4. Contido

O portal dos concellos de Galicia en Internet (EidoLocal). O novo rexistro de entradas e saídas do Portelo Único vía web. Contidos e servizos dispoñibles en Eido local: zona de acceso público e zona de acceso privado. Envíos telemáticos de anuncios ao DOG e da documentación á DXAL. Tramitación electrónica. Xestión de contidos por parte dos concellos. A certificación electrónica e a sinatura dixital.

## 5. Convocatoria

DOG n.º 2, do 4-01-05.



## Formación de formadores (2 edicións) (Plan EGAP - CELGA)

### 1. Obxectivos

Introducir, actualizar e mellorar as habilidades didácticas das persoas que se dedican á impartición de accións formativas.

### 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Administración local, que impartisen cursos ou actividades formativas da EGAP.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago, sede da EGAP.
- 3.3. Datas: 1º grupo : 21, 28 de xaneiro e 25 de febreiro; (power point), 4 e 26 de febreiro de 2005; 2º grupo 11, 18 de febreiro e 11 de marzo; (power point), 4 e 12 de marzo de 2005.
- 3.4. Horarios: das 17:00 ás 21:00 h.
- 3.5. Prazas: 10 por edición.

### 4. Contido

A aprendizaxe adulta. O grupo como destinatario da acción formativa. Métodos e sistemas de aprendizaxes.

## A nova instrución da contabilidade na Administración local (Plan EGAP - CELGA)

### 1. Obxectivos

Actualización de coñecementos en materia contable, analizando desde un punto de vista práctico o novo marco xurídico da contabilidade pública local.

### 2. Destinatarios

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de corporacións locais pertencentes aos grupos A/B ou asimilados.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña: 18, 19, 20, 21, 25, 26, 27 e 28 de abril e 2 e 3 de maio de 2005; Lugo: 25, 26, 27 e 28 de abril e 2, 3, 4, 5, 9 e 10 de maio de 2005; Ourense: 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 18 e 19 de maio de 2005; Pontevedra: 9, 10, 11, 12, 18, 19, 23, 24, 25e 26 de maio de 2005.
- 3.3. Horario: das 17:00 ás 20:00 h.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

### 4. Contido

Principios xerais dos modelos de contabilidade local. Inmobilizado. Endebemento. Pagamentos para xustificar. Anticipos de caixa fixa. Remanentes de crédito. Proxectos de gasto. Gastos con financiamento afectado. Operación de inicio e fin de exercicio. Mangitudes de carácter orzamentario. A conta xeral da entidade local e outra información contable.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 52, do 16-03-05.

## A nova instrución da contabilidade na Administración local (Plan EGAP - CELGA)

### 1. Obxectivos

Actualización de coñecementos en materia contable, analizando desde un punto de vista práctico o novo marco xurídico da contabilidade pública local.

### 2. Destinatarios

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de corporacións locais pertencentes aos grupos A/B ou asimilados.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña: 13, 14, 15, 16, 20, 21, 22, 23, 27 e 28 de xuño de 2005; Santiago: 8, 9, 13, 14, 15, 16, 20, 21, 22 e 23 de xuño de 2005.
- 3.3. Horario: das 17:00 ás 20:00 h.
- 3.4. Prazas: 40 por edición.

### 4. Contido

Principios xerais dos modelos de contabilidade local. Inmobilizado. Endebemento. Pagamentos para xustificar. Anticipos de caixa fixa. Remanentes de crédito. Proxectos de gasto. Gastos con financiamento afectado. Operación de inicio e fin de exercicio. Mangitudes de carácter orzamentario. A conta xeral da entidade local e outra información contable.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 81, do 28-04-05.

## A nova instrución da contabilidade na Administración local (Plan EGAP - CELGA)

### 1. Obxectivos

Actualización de coñecementos en materia contable, analizando desde un punto de vista práctico o novo marco xurídico da contabilidade pública local.

### 2. Destinatarios

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de corporacións locais pertencentes aos grupos A/B ou asimilados.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.5. Lugar: Pontevedra
- 3.6. Datas: 14, 15, 16, 17, 21, 22, 23, 24, 28 e 29 de novembro de 2005.
- 3.7. Horario: das 17:00 ás 20:00 h.
- 3.8. Prazas: 40.

### 4. Contido

Principios xerais dos modelos de contabilidade local. Inmobilizado. Endebemento. Pagamentos para xustificar. Anticipos de caixa fixa. Remanentes de crédito. Proxectos de gasto. Gastos con financiamento afectado. Operación de inicio e fin de exercicio. Mangitudes de carácter orzamentario. A conta xeral da entidade local e outra información contable.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 203 do 21-10-05.



## . 01.1. 2. XORNADAS

### Xornada sobre a reforma da contabilidade pública local (Plan EGAP - CELGA)

#### 1. Obxectivos

Analizar as modificacións máis relevantes do novo marco xurídico da contabilidade pública local.

#### 2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Administración local galega e da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

#### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 5 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datas: 9 de marzo de 2005.
- 3.4. Horarios: das 10:30 ás 14:00 h e das 16:00 ás 17:30 h.
- 3.5. Prazas: 308.

#### 4. Contido

As novas instrucións da contabilidade local. O Plan Xeral de Contabilidde Pública adaptado á Administración local. O Plan de contas simplificado.

#### 5. Convocatoria

DOG n.º 36, do 22-02-05.



## . 01.2. Plans en colaboración con outras institucións

### . 01.2. 1. CURSOS

#### Lexislación xurídica veterinaria (en colaboración co Consello Galego de Colexios de Veterinarios)

##### 1. Obxectivos

Formación, coñecemento da lexislación xurídica veterinaria.

##### 2. Destinatarios

Licenciados en veterinaria en la Comunidade Autónoma Galega.

##### 3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 40 horas.

3.1. Lugares e datas: A Coruña: Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña, 9, 10, 16, 17, 23 e 24 de decembro de 2004 e 7, 8, 14, 15, 21, 22, 28, 29 de xaneiro e 4 e 5 de febreiro de 2005; Ferrol: 16, 23 e 21 de novembro; 7, 14 e 21 de decembro de 2004, 4 e 11 de xaneiro de 2005; Lugo: Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, 16, 17, 23, 24 e 30 de novembro; 1, 7, 8, 14, 15, 21 e 22 de decembro de 2004, 4, 5, 11 e 12 de xaneiro de 2005; Ourense: Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense, 20 e 27 de novembro; 3, 4, 10, 11, 17, 18, 24, 27 de decembro de 2004, 7, 8, 14 e 15 de febreiro de 2005; Pontevedra: R/ A peregrina, 2ª planta, 16, 23, 30 de novembro, 7, 14 e 21 de decembgro de 2004; 4 e 11 de xaneiro de 2005.

3.3. Horarios: de luns a venres das 17:00 ás 22:00 h e sábados de 9:30 a 14:30 h.

3.4. Prazas: 45 por edición.

##### 4. Contido

A Constitución española de 1987. O Estatuto de Autonomía de Galicia. O Goberno da Comunidade Autónoma. A Función Pública Galega. O Procedemento Administrativo. A responsabilidade patrimonial da Administración. Sistema de información para a dirección e para a xestión. O orzamento. A Unión Europea. As competencias da Comunidade Autónoma Galega en materia de agricultura e de sanidade.

##### 5. Convocatoria

Non publicado no DOG.



## A xestión dos dereitos de pagamento único (en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria)

### 1. Obxectivos

Informar sobre o sistema de asignación e utilización dos dereitos de pagamento único.

### 2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica que interveña na xestión dos dereitos de pagamento único.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 7 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña o día 12 de abril, Lugo o día 13 de abril, Ourense o día 19 de abril e Pontevedra o día 20 de abril de 2005.
- 3.3. Horario: das 10:00 ás 14:00 h e das 16:00 ás 19:00 h.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

### 4. Contido

Características do réxime de pagamento único. Determinación de beneficiarios e dereitos. Procedemento para a asignación de dereitos aos produtores. Reserva nacional e cesión de dereitos.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 27, do 09-02-05.



## Iniciación á auditoría interna (en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria)

### 1. Obxectivos

Dotar aos asistentes dunha formación básica sobre auditoría interna.

### 2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica, dos grupos A e B, relacionados coa tramitación de axudas FEOGA-Garantía.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugares e datas: sede da EGAP os días 7 e 8 de marzo de 2005.
- 3.3. Horario: das 10:00 ás 14:00 h e das 16:00 ás 18:00 h.
- 3.4. Prazas: 20.

### 4. Contido

A auditoría interna nos organismos pagadores FEOGA-Garantía. Clases de auditorías. Contido. Procedemento.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 27, do 09-02-05



## **Sancións e recuperacións de indebidos no marco do financiamento da PAC** (2 edicións) (en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria)

### 1. Obxectivos

Que os xestores das axudas FEOGA-Garantía poidan ter un coñecemento básico da normativa e procedementos específicos en materia de irregularidades e fraudes de fondos FEOGA-Garantía.

### 2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica que interveña na xestión de fondos FEOGA-Garantía.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 7 horas.
- 3.2. Lugares e datas: sede da EGAP: 1ª edición, 3 de maio de 2005, 2ª edición 27 de setembro de 2005.
- 3.3. Horario: das 10:00 ás 14:00 h e das 16:30 ás 19:30 h.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

### 4. Contido

Concepto de irregularidade. Concepto de fraudes. Procedemento de reintegro. Procedementos sancionadores. Sancións.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 27, do 09-02-05.



## Curso básico en prevención de riscos laborais (a distancia) (5 edicións)

(en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

### 1. Obxectivos

Formación para os membros dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral baixo a modalidade “a distancia”.

### 2. Destinatarios

Membros dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 50 horas.
- 3.2. Lugares e datas de exame presencial: A Coruña: 8 de febreiro; Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela: 6 de xuño de 2005.
- 3.3. Prazas: 29.

### 4. Contido

- I. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo: Traballo e a saúde: os riscos profesionais. Factores de risco. Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo. As enfermidades profesionais. Outras patologías derivadas do traballo. Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes básicos en esta materia.
- II. Riscos xerais e a súa prevención: Riscos ligados ás condicións de seguridade. Riscos ligados ao medio de traballo. A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral. Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual. Plans de emerxencia e evacuación. O control da saúde dos traballadores.
- III. Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade da empresa.
- IV. Elementos básicos de xestión da prevención de riscos: Organismo públicos relacionados coa seguridade e saúde no traballo. Organización do traballo preventivo: rutinas básicas. Documentación: recollida, elaboración e arquivo.
- V. Primeiros auxilios.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-05



## Curso básico en prevención de riscos laborais (4 edicións)

(en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

### 1. Obxectivos

Formación para os membros dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral e para o resto do persoal da Administración xeral da Xunta de Galicia.

### 2. Destinatarios

Membros dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral e para o resto do persoal da Administración xeral da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña: 9-13 de maio; Lugo: 2-6 de maio; Ourense: 6-10 de maio; Pontevedra: 13-17 de maio de 2005.
- 3.3. Horario: Das 8:30 ás 14:30 h.
- 3.4. Prazas:

### 4. Contido

I. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo: O traballo e a saúde: os riscos profesionais. Factores de risco. Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. Outras patologías derivadas do traballo. Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes básicos nestamateria. II. Riscos xerais e a súa prevención: Riscos ligados ás condicións de seguridade. Riscos ligados ao medio de traballo. A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral. Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual. Plans de emerxencia e evacuación. Control da saúde dos traballadores. III. Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade da empresa. IV. Elementos básicos de xestión da prevención de riscos. Organismos públicos relacionados coa seguridade e saúde no traballo. Organización do traballo preventivo: rutinas básicas. Documentación: recollida, elaboración e arquivo. V. Primeiros auxilios.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-05.

## **Cursos de laboratorio** (8 edicións)

(en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

### 1. Obxectivos

Formación dos traballadores que manipulan cargas, mobilizar pacientes, ou realizar movementos repetitivos.

### 2. Destinatarios

Traballadores que manipulan cargas, mobilizar pacientes, ou realizar movementos repetitivos ou similares das distintas consellerías da Administración da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 3 horas cada edición.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña (2 edicións): 9 e 25 de maio; Lugo (2 edicións): 25 e 26 de maio; Ourense (2 edicións): 30 e 31 de maio; Pontevedra (2 edicións): 20 e 30 de junio.
- 3.2. Horario:.. das 9:00 ás 12:00 h.
- 3.3. Prazas:

### 4. Contido

Contaminantes químicos. Canceríxenos. Amianto. Almacenamento. Comercialización. Etiquetaxe. Residuos. Accidentes.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-05



## Curso persoal de estradas da CPTOPV (10 edicións)

(en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

### 1. Obxectivos

Formación dos traballadores que manipulan cargas, mobilizar pacientes, ou realizar movementos repetitivos.

### 2. Destinatarios

Traballadores que manipulan cargas, mobilizar pacientes, ou realizar movementos repetitivos ou similares das distintas consellerías da Administración da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 horas cada edición
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña (3 edicións): 18, 19 e 20 de abril; Lugo (2 edicións): 21 e 22 de abril; Ourense (2 edicións): 25 e 26 de abril; Pontevedra (3 edicións): 27, 28 e 29 de abril.
- 3.3. Horario: Das 10:00 ás 12:00 h.
- 3.4. Prazas:

### 4. Contido

-Dereitos e obrigas (cap. III Lei de prevención de riscos laborais). -Sinalización en vías. -Ferramentas de potencias e manual (riscos específicos). -As costas (danos derivados pola adopción de posturas forzadas).

### 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-05.



## Curso persoal de extinción de incendios (10 edicións)

(en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

### 1. Obxectivos

Formación en prevención de incendios.

### 2. Destinatarios

Todo o persoal do Servizo de Incendios da Consellería de Medio Ambiente.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 horas cada edición.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña (3 edicións): 27, 28 e 29 de abril; Lugo (2 edicións): 25 e 26 de abril; Ourense (2 edicións): 21 e 22 de abril; Pontevedra (3 edicións): 18, 19 e 20 de abril.
- 3.3. Horario: das 10:00 ás 12:00 h.
- 3.4. Prazas:

### 4. Contido

- Dereitos e obrigas (cap. III Lei de prevención de riscos laborais). -Riscos inherentes ao posto de traballo.
- Equipos de protección individual (EPI'S). -As costas (danos derivados pola adopción de posturas forzadas).

### 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-05.



# Curso de manipulación de produtos fitosanitarios e ferramentas e maquinaria de xardinería e forestal

(2 edicións) (en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

## 1. Obxectivos

Formación do persoal que manipule as ditas substancias da Xunta de Galicia.

## 2. Destinatarios

Persoal laboral que presta servizo nos distintos centros de traballo da Administración xeral da Xunta de Galicia e que manipule as ditas substancias.

## 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 3 horas cada edición.
- 3.2. Lugares e datas: Ourense. 14 e 15 de abril.
- 3.3. Horario: das 10:00 ás 13:00 h.
- 3.4. Prazas:

## 4. Contido

-Dereitos e obrigas (cap. III Lei de prevención de riscos laborais). -Riscos xerais: instalacións-ferramentas-almacenamento. -Manexo de produtos fitosanitarios, praguicidas e fertilizantes. -Riscos derivados do manexo de maquinaria agrícola. -As costas: manipulación de cargas e posturas forzadas. -Manexo de extintores portátiles.

## 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-05.



## Curso de prevención de riscos laborais: plans de emerxencia (40 edicións)

(en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

### 1. Obxectivos

Formación teórico-práctica en materia de extinción de lumes e primeiros auxilios para proceder a implantar os plans de emerxencia e evacuación nos centros de traballo programados para este ano 2005.

### 2. Destinatarios

Grupos de acción (equipo de alarma e evacuación. Equipo de primeira intervención e equipo de primeiros auxilios).

### 3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 15 horas cada edición.

3.2. Lugares e datas: Os centros de traballo onde está prevista a implantación do Plan de Emergencia.

As datas de realización serán a convir segundo as necesidades do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, a medida que se vaia avanzando no programa de actuación.

3.3. Horario:.

3.4. Prazas:

### 4. Contido

I. Incendio: Conceptos básicos. Axentes extintores. Equipos de protección contra incendios. -Prácticas con lume real: extintores e BIES.

II. Primeiros auxilios: Coñecementos básicos. Chamada de socorro. Avaliación básica das vítimas. Actuacións concretas ante accidentes. Práctica RCP.

III. Plans de emerxencia e autoprotección: Avaliación do risco. Medidas de protección. Plan de acción. Implantación.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-05.



## Curso de prevención de riscos laborais músculo-esqueléticos (10 edicións)

(en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

### 1. Obxectivos

Formación dos traballadores que manipulan cargas, mobilizar pacientes, ou realizar movementos repetitivos.

### 2. Destinatarios

Traballadores que manipulan cargas, mobilizar pacientes, ou realizar movementos repetitivos ou similares das distintas consellerías da Administración da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 horas cada edición.
- 3.2. Lugares e datas: Coruña (3 edicións): 5, 6 e 7 de setembro.  
Lugo (2 edicións): 8 e 9 de setembro.  
Ourense (2 edicións): 12 e 13 de setembro.  
Pontevedra (2 edicións): 14 e 15 de setembro.  
Santiago de Compostela (1 edición): 16 de setembro.
- 3.3. Horario: das 10:00 ás 12:00 h.
- 3.4. Prazas:

### 4. Contido

Definición de cargas. Riscos derivados da manipulación. Condicións do posto de traballo: espazos, firmes e chan, superficies de tránsito, condicións termohigrométricas, orde e limpeza. Ergonomía da manipulación de cargas. Tipos de cargas. Mecanizado e progreso da técnica. Método de traballo. Equipos de protección individual.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-05.

## **Curso de formación para traballadores de limpeza da Xunta de Galicia** (10 edicións) (en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

### 1. Obxectivos

Formación dos traballadores de limpeza da Xunta de Galicia.

### 2. Destinatarios

Persoal laboral de limpeza que presta servizo nos distintos centros de traballo da Administración xaral da Xunta de Galicia.

### 3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 2 horas cada edición.

3.2. Lugares e datas: A Coruña (3 edicións): 19, 20 e 21 de setembro.

Lugo (2 edicións): 22 e 23 de setembro.

Ourense (2 edicións): 15 e 16 de setembro.

Pontevedra (3 edicións): 28, 29 e 30 de setembro

3.3. Horario: das 10:00 ás 12:00 h.

3.4. Prazas:

### 4. Contido

- Dereitos e obrigas (cap. III Lei de prevención de riscos laborais).
- As costas (danos derivados pola adopción de posturas forzadas).
- Riscos derivados do uso de produtos de limpeza.
- Caídas e esvaróns.

### 5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 30-03-05.

## Curso de formación para persoal de cociña (10 edicións)

(en colaboración coa Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)

### 1. Obxectivos

Formación do persoal de cociña da Xunta de Galicia.

### 2. Destinatarios

